4

CALIDADE DE VIDA E BENESTAR SOCIAL

4.1. Saúde

4.2. Pobreza e cohesión social

4.3. Cobertura social

4.4. Medio ambiente e desenvolvemento sostible

4.5. Ocio e cultura

4.1. Saúde

O sistema sanitario público é valorado de xeito positivo pola cidadanía, o que se mostra nas sucesivas edicións do barómetro do CIS; máis existen motivos de preocupación relacionados coa sostenibilidade do sistema ou cos efectos dos cambios normativos derivados dos axustes orzamentarios. Neste senso, o descenso dos recursos dedicados á sanidade como consecuencia da crise económica fréanse a partir de 2014, aumentando nos últimos anos o volume de recursos dedicados á sanidade, pero rexistrándose importantes diferencias acumuladas en relación aos anos de maior gasto.

O crédito establecido nos orzamentos iniciais para 2018 da Comunidade Autónoma de Galicia para sanidade é de 3.859 millóns de euros, un 6,8% superior ao orzamento inicial do ano anterior, incremento que supera o incremento estimado do PIB galego no ano 2018.

Na clasificación dos bens públicos de carácter social a sanidade acolle o 60% dos créditos totais. No que atinxe á distribución do gasto nos cinco programas integrados dentro da función 41.- Sanidade, o **cadro 4.1.2.** mostra os programas de Atención especializada e primaria, programas 412A e 412B, e acada en torno a 3.680 millóns de euros para o ano 2018, o 95% do orzamento consolidado inicial para sanidade.

No que respecta á distribución dos gastos sanitarios, unha gran parte dos recursos do sistema sanitario son destinados ao coidado dos enfermos crónicos, de idades avanzadas na maioría dos casos; polo que o obxectivo de acadar un envellecemento saudable está cada vez máis presente nas políticas sanitarias e por tanto nos orzamentos e nos recursos destinados a acadar o dito obxectivo. Neste senso o programa de gasto 413A.- Protección e promoción da saúde, aumentan a súa dotación significativamente nos últimos anos, pasando de 56,7 millóns de euros no ano 2014, a 74,3 millóns de euros de crédito no orzamento inicial do ano 2018.

Neste capítulo trátase de analizar o sistema sanitario e a saúde da poboación en Galicia, así como o acceso da mesma aos servizos sanitarios. Para levar a cabo dita análise, distinguimos entre indicadores de saúde propiamente ditos, indicadores de centros sanitarios, as doazóns e transplantes e, por último, os indicadores de gasto sanitario público.

Orzamento de gastos da Administración Xeral 2017-18. Produción de bens públicos de carácter social (1)

	2017	2018	18/17
	(en miles de euros)		*(%)*
Total	6.108.940	6.413.416	5,0
4.1Sanidade	3.611.492	3.858.817	6,8
4.2 Educación	2.236.952	2.280.679	2,0
4.3 Cultura	64.546	69.017	6,9
4.4 Deportes	19.251	21.946	14,0
4.5 Vivenda	74.135	77.714	4,8
4.6 Outros servizos comunitarios e sociais	102.564	105.243	2,6

(1) Datos extraidos dos orzamentos do ano de referencia
Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

4.1. 1.

Orzamento consolidado dentro da función 41.- Sanidade. Distribución por programas (1)

	2014	2015	2016	2017	2018	18/17
			(en miles de euros)			
41.- Sanidade	3.397.079,8	3.408.721,5	3.511.530,7	3.611.491,9	3.858.817,0	6,8
411A.- Dirección de servizos xerais de sanidade	78.021,2	60.233,6	50.528,3	53.963,0	53.761,0	- 0,4
412A.- Atención especializada	2.047.271,8	2.107.313,0	2.203.733,9	2.274.712,6	2.466.538,0	8,4
412B.- Atención primaria	1.169.288,9	1.139.516,3	1.141.607,7	1.163.662,3	1.213.672,0	4,3
413A.- Protección e promoción da saúde pública	56.744,7	55.716,4	67.811,9	69.878,9	74.302,0	6,3
414A.- Formación de graduados e postgraduados	45.753,2	45.942,2	47.849,0	49.275,0	50.544,0	2,6

(1) Datos extraidos dos orzamentos do ano de referencia
Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

4.1. 2.

Indicadores de saúde

A estrutura e a evolución demográfica dun territorio condicionan as necesidades sanitarias do mesmo. En Galicia, o 24,6% da poboación a 1 de xaneiro de 2017 tiña 65 anos ou máis, cando no conxunto do Estado esta porcentaxe sitúase no 18,8%. O envellecemento da poboación en Galicia deriva en índices de vellez, envellecemento, sobreenvellecemento e dependencia moi elevados, superiores á media estatal, o que comporta un maior gasto sanitario per cápita, que aumenta exponencialmente coa idade.

Nos datos expostos no **cadro 4.1.3.**, obsérvase o incremento en Galicia no índice de vellez, calculado como a porcentaxe de poboación de 65 anos ou máis en relación á poboación total, fronte ao leve descenso que se produce no conxunto do Estado. O índice de envellecemento, que relaciona a poboación de 65 anos e máis con respecto a cada 100 persoas menores de 20 anos, mostra tamén un incremento, de xeito que no ano 2017 en Galicia residen 155 persoas maiores de 65 anos por cada 100 menores de 20, mentres que no conxunto de España este indicador presenta valores en torno a 95.

A taxa de dependencia, índice demográfico que expresa a relación existente entre a poboación dependente (menor de 16 e maior de 64 anos) e a poboación produtiva (de 16 a 64 anos) da que aquela depende, ten unha gran transcendencia nas previsións orzamentarias para gastos sociais en xeral e sanitarios en particular. A medida que se incrementa esta taxa, aumenta

Indicadores demográficos básicos de Galicia e España 2016-17

	2016		2017	
	Galicia	España	Galicia	España
Poboación	2.718.525	46.557.008	2.708.339	46.572.132
menor de 15 anos	324.439	6.990.863	323.671	6.963.700
menor de 20 anos	428.674	9.174.732	428.964	9.179.496
entre 15 e 64 anos	1.732.776	30.908.440	1.718.729	30.844.228
65 e máis anos	661.310	8.657.705	665.939	8.764.204
85 e máis anos	112.705	1.352.974	116.734	1.404.112
Índices (1)				
vellez	24,3	18,6	24,6	18,8
envellecemento	154,3	94,4	155,2	95,5
sobreenvellecemento	17,0	15,6	17,5	16,0
dependencia xeral	56,9	50,6	57,6	51,0
dependencia xuvenil	18,7	22,6	18,8	22,6
dependencia senil	38,2	28,0	38,7	28,4
de recambio	1,62	1,16	1,62	1,17

(1) notas sobre os índices
vellez: relación entre a poboación maior de 65 anos e a poboación total;
envellecemento: relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos;
sobreenvellecemento: relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos;
dependencia xeral: relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (menores de 15 e maiores de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);
dependencia xuvenil: relación entre a poboación nova (menores de 15 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);
dependencia senil: relación entre a poboación maior (maiores de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);
de recambio: relación entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 15 e 19 anos; , mide a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que van xubilando

Fonte: INE, *Padrón municipal*

4.1. 3.

a carga que supón para a parte produtiva da poboación manter á parte economicamente dependente. A taxa de dependencia en España no ano 2017 é do 51% fronte ao 57,6% que acada en Galicia.

Entre as diversas causas que determinan a deriva demográfica en Galicia e o envellecemento da súa poboación, está, sen lugar a dúbida, o saldo vexetativo negativo. No ano 2016 (último dato dispoñible), rexistráronse en Galicia un total de 19.062 nacementos, un 1% menos que no ano anterior, e 31.757 falecementos, practicamente o mesmo número que no ano anterior. Case a metade das defuncións corresponden a persoas de 85 e máis anos.

En termos relativos, a taxa bruta de mortalidade situouse en Galicia nas 1.170 defuncións por cada 100.000 habitantes, o que nos sitúa como a segunda Comunidade Autónoma, tras Asturias (1.273 defuncións por cada 100.000 habitantes), lonxe das 878 defuncións por cada 100.000 habitantes de media no Estado. O elevado envellecemento da poboación en Galicia condiciona a súa elevada taxa bruta de mortalidade. Para corrixir este efecto, calcúlanse as taxas de mortalidade estandarizadas que representan a mortalidade das Comunidades Autónomas se todas tiveran a mesma composición de idade. Neste caso, Galicia situaríase nunha posición intermedia con 837 falecementos por cada 100.000 habitantes, levemente por encima da media estatal que é de 833 defuncións.

Segundo datos da Organización Mundial da Saúde, as principais causas de defunción varían entre os países de ingresos baixos e os de ingresos medio ou altos. Neste senso máis da medade dos falecementos rexistrados nos países de ingresos baixos debéronse a enfermidade transmisibles, mentres que nos países de ingresos medios e altos a principal causa de morte son as enfermidade do sistema circulatorio, en concreto as

Defuncións en Galicia e España 2015-16: distribución segundo causa

	Total	Infecciosas e parasitarias	Tumores	Sistema circulatorio	Sistema Respiratorio	Sistema dixestivo	Outras causas
				2015			
Galicia	31.688	517	8.283	9.523	3.977	1.434	7.954
A Coruña	12.601	201	3.313	3.874	1.593	580	3.040
Lugo	5.126	73	1.171	1.605	635	219	1.423
Ourense	4.672	80	1.174	1.399	598	242	1.179
Pontevedra	9.289	163	2.625	2.645	1.151	393	2.312
España	422.568	7.567	111.381	124.197	51.848	20.360	107.215
				2016			
Galicia	31.757	400	8.705	9.971	3.448	1.463	7.770
A Coruña	12.575	180	3.585	4.073	1.330	549	2.858
Lugo	5.194	62	1.253	1.744	530	243	1.362
Ourense	4.666	53	1.149	1.490	555	248	1.171
Pontevedra	9.322	105	2.718	2.664	1.033	423	2.379
España	410.611	7.033	112.939	119.778	46.812	20.096	103.953

Fonte: INE, *Defunciones según la causa de muerte*

4.1. 4.

Defuncións 2016: distribución segundo causa e grupos de idade

	Total	grupos de idade			
		0-39	40-64	65-79	80 e máis
Todas as causas	31.757	397	3.711	7.069	20.580
Tumores	8.705	84	1.848	3.141	3.632
Tráquea, bronquios e pulmón	1.615	4	526	678	407
Colon	898	2	149	284	463
Páncreas	531	4	92	239	196
Próstata	496	-	26	149	321
Estómago	494	5	76	180	233
Mama	448	8	138	133	169
Enfermidades do sistema circulatorio	9.971	38	708	1.698	7.527
Cerebrovasculares	2.252	7	140	344	1.761
Outras enfermidades do corazón	2.160	18	165	369	1.608
Insuficiencia cardíaca	1.561	2	51	167	1.341
Outras enfermidades isquémicas do corazón	1.358	2	128	272	956
Infarto agudo de miocardio	1.045	5	154	293	593
Hipertensivas	983	1	25	110	847

Fonte: INE, *Defunciones según la causa de muerte*

4.1. 5.

cardiopatías e os accidentes cerebrovasculares. Galicia segue está tendencia e no ano 2016 a principal causa de morte no noso territorio segue correspondendo ao grupo das enfermidades do sistema circulatorio (**cadro 4.1.4.**), que provocan o 31,4% das defuncións, seguidas dos tumores e das enfermidades do sistema respiratorio, que causan o 27,4% e o 10,9% dos decesos, respectivamente. Tal como se sinalou anteriormente, dentro do grupo de enfermidades do sistema circulatorio, as enfermidades cerebrovasculares son as que se sitúan en primeiro lugar no número de defuncións. Entre os tumores, os responsables de maior mortalidade foron o cancro de traquea, bronquios e pulmón, seguido do cancro de colon (**cadro 4.1.5.**).

Dentro das denominadas causas externas de morte,

Defuncións segundo a causa da morte 2016

	Galicia	Galicia/España (%)
Causas externas de mortalidade	1.272	8,1
Accidentes de tráfico	160	8,5
Outros accidentes de transporte	24	13,2
Caídas accidentais	414	13,7
Afogamento, sumersión e sofocación accidentais	91	3,3
Accidentes por lume, fume e sustancias quentes	12	6,5
Envenenamento accidental por psicofármacos e drogas de abuso	48	6,1
Outros envenenamentos accidentais	6	3,3
Outros accidentes	139	5,6
Suicidio e lesións autoinflixidas	338	9,5
Agresións (Homicidio)	11	3,9
Eventos de intención non determinada	4	12,1
Complicacións da atención médica e cirúrxica	4	1,7
Outras causas externas e os seus efectos tardíos	21	29,6

Fonte: INE

4.1. 6.

(**cadro 4.1.6.**) en Galicia destacan por número de decesos, as caídas accidentais con 414 defuncións por esa causa, o 13,7% do total estatal, e os suicidios e lesións autoinfrinxidas con 338 defuncións no ano 2016, último dispoñible, o 9,5% do total estatal.

No que atinxe á saúde materno-infantil, no ano 2016 repunta novamente a taxa de mortalidade infantil, acadando en Galicia as 3,1 defuncións por cada mil nacidos vivos, a máis elevada dende o ano 2008. Tal como acontecera o ano anterior a taxa de mortalidade infantil en Galicia é superior á media estatal, que no ano 2016 foi de 2,7 falecementos por cada mil nacidos vivos. Comparado co resto das Comunidades Autónomas., Galicia pasou de ser no ano 2014 a Comunidade cunha menor taxa de mortalidade infantil do conxunto do Estado, a ser a terceira cunha maior taxa no ano 2016.

En relación á taxa de interrupción voluntaria do embarazo (IVE). No ano 2016 (último dato dispoñible), a taxa de IVE en Galicia é de 6,57 interrupcións por cada mil mulleres entre 15 e 44 anos, o que a sitúa como unha das CC.AA. coa taxa máis reducida, sendo a taxa media no conxunto do Estado de 10,36.

Os datos proporcionados polo Rexistro Nacional de Casos de SIDA reflicten que, segundo as notificacións recibidas no ano 2016, rexistráronse en Galicia 119 novos casos de SIDA. O total de casos diagnosticados en Galicia dende o ano 2004, primeiro que aporta datos, é de 2.501, o 5,7% do total estatal.

Outro indicador de saúde é a sinistralidade, tanto provocada por accidentes laborais como de tráfico. No ano 2017 en Galicia descende notablemente o número de vítimas mortais en estradas., rompendo a tendencia dos dous anos anteriores e volvendo á senda de descensos iniciada en 1998. O número total de persoas falecidas na Comunidade galega no ano 2017 foi de 76, 30 menos que no ano anterior, o que contrasta co incremento medio do 3,3% no conxunto do Estado. Nas estradas galegas rexistráronse o 6,3% do total de vítimas estatais, sendo a sexta Comunidade Autónoma con maior número, tras Andalucía, Cataluña, Castela e León, Castela- A Mancha e a Comunidade Valenciana.

En relación aos accidentes laborais, o *cadro 2.2.14. [Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo 2016-17: distribución segundo a gravidade e sector económico]* reflicte que o número de accidentes laborais con baixa en Galicia aumentou no último ano un 9,2% para situarse nos 27.286 accidentes. En termos relativos, o índice de incidencia ascendeu en Galicia dende os 3.119 accidentes por cada 100.000 traballadores afiliados con continxencia de traballo cuberta de 2016 ata os 3.399 accidentes en 2017, un 9% superior.

Indicadores de centros sanitarios

Os datos de centros sanitarios, tanto no que respecta a aspectos cuantitativos, referidos a recursos materiais e humanos, como cualitativos, reflectidos nos datos de volume e tempo de agarda nas listas de espera, son un


Centros sanitarios 2017: distribución provincial e segundo EOXI (1)

	Atención primaria			Atención Especializada	
	Zonas básicas	Centros de saúde	Consultorios locais	Número total de hospitais	Hospitais dependencia funcional Sergas
A Coruña	92	133	32	14	5
EOXI A Coruña	35	59	12		
EOXI Ferrol	20	25	8		
EOXI Santiago	37	49	12		
Lugo	67	73	12	5	3
EOXI Lugo-Cervo-Monforte	67	73	12		
Ourense	92	100	9	5	3
EOXI Ourense-Verín-O Barco	92	100	9		
Pontevedra	62	92	18	14	3
Adscritos a Santiago	9	12	2		
EOXI Pontevedra-Salnés	27	36	8		
EOXI Vigo	26	44	8		
Total	313	398	71	38	14

(1) EOXI: Estrutura Organica de Xestión Integrada
[consulta: 21-02-2018)
Fonte: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad

4.1. 7.


Camas nos hospitais galegos 2008-17 (1)



(1) os datos de camas corresponden a 31 de decembro do ano anterior
Fonte: IGE

4.1. 8.

Persoal sanitario 2009-16 (1)



(1) datos a 31 de decembro de cada ano.
(2) Non existen datos de número de pediatras nin de profesionais de atención primaria para os anos 2009 e 2011. Co obxecto de non distorsionar o gráfico e dada a estabilidade da serie tomamos para os anos 2009 e 2011 os datos rexistrados no ano anterior

Fonte: IGE

4.1. 9.

Persoal sanitario colexiado (non xubilado) nas CC.AA. 2017

	Médicos	Enfermeiros	Enfermeiros-especialidade matrona	Dentistas	Farmaceúticos
	(colexiados por 100.000 habitantes)		*(colexiados por 100.000 mulleres entre 15 e 49 anos)*	*(colexiados por 100.000 habitantes)*	
Andalucía	396,0	415,2	59,4	69,3	135,6
Aragón	561,1	668,5	86,8	65,8	122,9
Asturias	495,9	654,3	46,3	81,7	122,4
Baleares	435,4	528,0	72,9	65,5	105,2
Canarias	442,2	275,7	22,3	59,7	127,3
Cantabria	519,6	634,1	117,3	70,5	115,0
Castela-A Mancha	375,1	570,7	66,6	48,2	128,1
Castela e León	496,8	688,7	99,9	58,9	152,6
Cataluña	487,5	613,9	59,6	73,3	138,8
C. Valenciana	434,8	520,0	74,5	78,1	138,9
Estremadura	458,4	652,9	75,1	50,8	138,9
Galicia	444,7	520,2	64,1	75,4	165,3
Madrid	599,8	669,7	77,3	125,4	194,4
Murcia	444,6	430,0	77,2	75,3	110,7
Navarra	544,5	868,1	113,1	57,7	212,5
País Vasco	543,4	754,1	128,9	83,2	143,8
A Rioxa	447,1	-	-	70,4	132,1
Ceuta	354,5	590,4	104,2	42,3	89,2
Melilla	314,6	660,9	134,4	47,0	93,9
Total	474,0	558,3	70,2	77,4	145,5

Fonte: INE, *Estadística de Profesionales Sanitarios Colegiados*

4.1. 10.

Recursos humanos en atención primaria 2017: distribución por categoría profesional(1)

	Profesionais
Administrativo/a	-
Celador/a	429
Condutor/a	26
Costureiro/a	1
Electricista	3
Enfermeiro/a	2.515
Enxeñeiro/a Técnico/a	3
Facultativo/a Esp. Area	1
Farmacéutico/a A.P.	74
Fisioterapeuta	157
Grupo Admvo. Función Admva.	26
Grupo Auxiliar Función Admva.	387
Grupo Técnico Función Admva.	21
Grupo Xestión Función Admva.	23
Lavandeiro/a	2
Limpiador/a	6
Matrón/a	157
Mecánico/a	1
Médico de Familia	2.560
Odontólogo/a A.P.	112
Pasador/a de Ferro	3
Pediatra A.P.	298
Persoal Servizos Xerais	1.041
P.Tec.Sup. Preven. Riscos Lab.	1
Tec. Coidados Aux. Enfermaría	267
Técnico/a de Saúde de A.P.	8
Técnico/a Esp. Sistemas e T.I	8
Técnico/a Xestion Sistemas TI	6
Técnico Superior Especialista	103
Telefonista	9
Traballador/a Social	79
Xefe/a Taller	1
Total	8.328

(1) medias diarias
Fonte: SERGAS, *Recursos humanos*

4.1.11.

indicador básico do funcionamento do sistema sanitario.

A estrutura organizativa do sistema galego de saúde divídese en áreas de xestión integradas, que á súa vez se subdividen en zonas básicas de saúde, que son o marco territorial da atención primaria. Como se reflicte no **cadro 4.1.7.**, Galicia conta con sete áreas de xestión integrada que se encargan da xestión das 11 áreas sanitarias.

No que respecta aos distintos niveis de atención, o nivel asistencial que representa a entrada ao sistema sanitario é a atención primaria. Os centros de saúde son os dispositivos asistenciais principais. Segundo os datos publicados polo Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, Galicia conta con 398 centros de saúde e 71 consultorios locais. En canto á atención especializada, que se presta en centros de especialidade e en hospitais, Galicia dispón de 38 hospitais, dos que 14 dependen funcionalmente do Servizo Galego de Saúde.

Tal como se observa no **gráfico 4.1.8.**, o número de camas instaladas nos hospitais galegos no último ano diminúe, de xeito que a 31 de decembro de 2016 (último dato dispoñible) existían un total de 9.758 camas instaladas, 27 menos que no ano anterior, o que representa 3,6 camas por cada mil habitantes.

Dentro dos indicadores que permiten valorar o funcionamento do sistema sanitario, é fundamental ter en conta o concernente aos recursos humanos; neste senso o número de profesionais integrados no modelo de atención primaria do Sergas a 31 de decembro de

Atención especializada 2014-17(1): evolución do persoal facultativo e do persoal en formación

	2014	2015	2016	2017
Persoal facultativo	4.617	4.653	4.757	4.835
Persoal en formación (2)	1.064	1.048	1.029	1.371

(1) medias diarias

(2) inclúe a licenciados e diplomados sanitarios


Fonte: SERGAS, *Recursos humanos*

4.1.12.

Lista de espera estrutural cirúrxica 2017

	Total	0-3 meses	3-6 meses	6-12 meses	máis 12 meses	Tempo medio de espera *(en días)*
Total centros Sergas	33.024	25.517	6.197	1.225	85	65,3
EOXI A Coruña	7.866	5.477	1.893	496	-	75,1
EOXI Santiago	6.600	5.027	1.508	65	-	64,9
EOXI Ferrol	1.426	1.331	94	1	-	39,2
EOXI Lugo-Cervo-Monforte	3.719	3.412	307	-	-	47,2
EOXI Ourense-Verín-Barco	3.026	2.817	209	-	-	43,4
EOXI Pontevedra-Salnés	3.045	2.917	128	-	-	41,1
EOXI Vigo	7.342	4.536	2.058	663	85	88,6
Hospital Povisa	3.111	2.065	833	213	-	77,4

Tempo medio de espera 2008-17



(1) a lista de espera estrutural cirúrxica inclúe a todos os pacientes que nun momento dado están en espera da realización dunha intervención cirúrxica en quirófano, tanto con ingreso como ambulatoria, e así a espera é atribuíble á organización dos recursos dispoñibles.

(2) calculado como o cociente do total de días en espera estrutural entre a data de inclusión e a data de análise e o total de pacientes pendentes en espera estrutural na data de análise.

Fonte: SERGAS, *Listas de espera*

4.1.13.

Lista de espera cirúrxica a 31 de decembro de 2017: distribución por servizos

	SERGAS			POVISA		
	pacientes en lista de espera estrutural		tempo medio de espera	pacientes en lista de espera estrutural		tempo medio de espera
	total	0-3 meses	(en días)	total	0-3 meses	(en días)
Total especialidades	33.024	25.517	65,3	3.111	2.065	77,4
Traumatoloxía	9.191	6.206	85,1	794	470	89,2
Oftalmoloxía	7.878	6.508	57,2	815	522	76,4
Cirurxía xeral e dixestiva	5.373	4.459	56,7	508	340	78,4
Uroloxía	2.511	1.994	56,7	166	114	78,3
Otorrinolaringoloxía	2.113	1.605	62,8	74	59	62,4
Xinecoloxía	1.396	1.139	53,0	94	75	59,9
Anxioloxía / Cir. Vascular	1.227	1.085	50,1	168	106	76,9
Cirurxía plástica e reparadora	886	607	70,0	160	127	59,5
Cirurxía pediátrica	701	594	61,5	-	-	-
Dermatoloxía	678	543	52,9	-	-	-
Neurocirurxía	447	338	59,5	35	28	60,5
Cirurxía cardíaca	356	229	78,4	-	-	-
Cirurxía maxilofacial	180	128	65,3	297	224	67,9
Cirurxía torácica	82	77	34,9	-	-	-
Cirurxía cardiaca infantil	5	5	50,6	-	-	-

Fonte: SERGAS, *Listas de espera*

4.1.14.

2016 ascendía a 7.407 persoas, das que 2.598 son médicos e 2.157 ATS-DUE. En termos relativos, tal como se mostra no **gráfico 4.1.9.**, Galicia conta con 2,72 profesionais de atención primaria por casa 1.000 habitantes, e un pediatra por cada 1.000 nenos menores de 14 anos.

No ano 2017 exerceron en Galicia 444,7 médicos e 520,2 profesionais de enfermería por cada 100.000 habitantes, **cadro 4.1.10.**, por debaixo en ambos casos da media estatal, que se sitúa en 474 médicos e 558,3 enfermeiros/as por cada 100.000 habitantes.

Os datos presentados nos **cadros 4.1.11.** e **4.1.12.** rexistran o número de profesionais en atención primaria e especializada en termos de medias diarias o que permite evitar o sesgo provocado pola estacionalidade das contratación en períodos onde se incrementan as patoloxías ou en períodos vacacionais. En 2017 de media en Galicia exercen diariamente 2.560 médicos de familia e 2.515 enfermeiros/as. No que respecta á atención especializada, o persoal facultativo exercendo diariamente de media foi de 4.835 persoas, e 1.371 facultativos en formación.

Un dos obxectivos prioritarios a acadar no ámbito sanitario é a redución das listas de espera e do tempo medio que teñen que agardar os pacientes para ser operados. No que atinxe á lista de agarda estrutural cirúrxica, **cadro 4.1.13.**, no ano 2017 a lista de agarda do Sergas incluíndo o H. Povisa era de 36.135 persoas, 216 persoas máis que no ano anterior; o 23,6% dos doentes teñen que agardar máis de tres meses para operarse.


Fronte ao aumento no número de persoas nas listas, o tempo medio de agarda redúcese pasando de 68,3 días no ano 2016 a 66,4 días no ano 2017.

Segundo os datos publicados polo Sergas, dos 33.024 doentes inscritos na lista estrutural cirúrxica dos seus hospitais, o 27,8% son da especialidade de traumatoloxía, sendo a súa espera media nos hospitais do Servizo Galego de Saúde de 85,1 días. Cómpre tamén mencionar que o 23,8% e o 16,2 % deses pacientes teñen unha patoloxía que require cirurxía oftalmolóxica e cirurxía xeral ou de dixestivo, situándose a súa espera media nos centros do Sergas en 57,2 días e 56,7 días respectivamente.

Doazóns nas CC.AA. 2016-17

	2016		2017	
	(doantes)	*(doantes/millón habs.)*	*(doantes)*	*(doantes/millón habs.)*
Andalucía	395	47,1	413	49,3
Aragón	53	40,8	59	45,4
Asturias	48	46,2	51	49,5
Baleares	44	40,0	55	49,5
Canarias	98	46,7	92	43,8
Cantabria	38	65,5	43	74,1
Castela-A Mancha	82	40,2	72	35,5
Castela e León	103	42,2	101	41,7
Cataluña	315	41,9	333	44,1
C. Valenciana	191	38,6	252	51,0
Estremadura	45	41,7	50	46,7
Galicia	**106**	**39,1**	**113**	**41,9**
Madrid	226	35,0	22	71,0
Murcia	76	52,1	231	35,5
Navarra	39	60,9	97	66,0
País Vasco	143	65,6	45	70,3
A Rioxa	16	51,6	154	70,3
Ceuta e Melilla	1	11,6	0	0,0
Total	2.019	43,4	2.183	46,9


Doantes por cada millón de habitantes en Galicia e España 2007-2017



Fonte: Organización Nacional de Trasplantes

4.1. 15.

Gasto sanitario en euros por habitante en Galicia e España 2008-17



Fonte: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, *Recursos económicos del Sistema Nacional de Salud*

4.1.16.

No caso das patoloxías máis graves (prioridade 1), o tempo medio de espera nos hospitais do Sergas, a 31 de decembro de 2017, situouse nos 17,9 días, cumprindo polo tanto o obxectivo inicial,, que estaba fixado en 30 días. De xeito contrario, non se acada o obxectivo establecido no caso das patoloxías de prioridade 2 (60 días) ao presentar un tempo de espera medio de 66,2 días.

No que respecta ás **doazóns e transplantes**, España en 2017 volve a rexistrar máximos históricos no número de doantes e transplantes, acadando 46,9 doantes por millón de poboación e 5.261 transplantes.

O pasado ano en Galicia aumenta o número de doantes, pasando de 106 a 113, o que supón 41,9 doantes por millón de poboación, fronte aos 39,1 doantes/mp do ano anterior.

Indicadores de gasto sanitario público

Tomando como referencia o orzamento inicial de gasto, por terceiro ano consecutivo o gasto sanitario increméntase en Galicia, situándose nos 3.614 millóns de euros (un 2,9% superior ao orzamento inicial do ano anterior), o sexto máis elevado de todo o Estado.

O aumento do gasto sanitario xunto ao estancamento da poboación, repercute nun novo aumento do gasto medio por habitante. En termos por habitante, o gasto total ascendeu a 1.333,3 euros, superior ao gasto medio a nivel estatal que é de 1.264,1 euros. O incremento do gasto sanitario por habitante, fai descender o diferencial que aínda persiste co gasto medio do ano 2008, así a pesar da caída na poboación, existe un diferencial de 13 euros en termos nominais (0,9%) no gasto por habitante en relación a 2008 (**cadro 4.1.16.**).

En 2017 rexistrouse un incremento do gasto público en farmacia a través de receitas facturadas. Os 696,7 millóns de euros de gasto farmacéutico de 2017 supoñen un incremento do 1,7% en relación ao ano 2016, o que se corresponde en grande medida a un aumento no número de receitas facturadas, un 0,7% máis, así como a un aumento no importe medio por receita (0,9%) (**cadro 4.1.17.**).

Este aumento no gasto farmacéutico sitúa a Galicia como a quinta Comunidade Autónoma co gasto máis elevado, tras Andalucía, Cataluña, Comunidade Valenciana e Madrid. A reforma do modelo de prestación farmacéutica e as diversas medidas de eficiencia no gasto

Prestación farmacéutica a través de receita nas CC.AA. 2017

	Gasto farmacéutico			Receitas facturadas			Gasto medio por receita facturada	
	2017	17/16	17/11 (1)	2017	17/16	17/11 (1)	2017	17/16
	(en millóns de euros)	*(%)*	*(%)*	*(nº)*	*(%)*	*(%)*	*(en euros)*	*(%)*
Andalucía	1.761,1	3,1	-3,4	170.737.431	0,9	-4,6	10,31	2,08
Aragón	321,2	1,5	-8,4	26.262.620	-5,7	-10,7	12,23	7,56
Asturias	274,2	2,6	-13,5	21.670.341	-0,2	-14,4	12,65	2,85
Baleares	200,3	5,5	-2,0	17.453.439	1,5	-3,6	11,48	4,08
Cantabria	140,7	2,6	-0,5	11.087.617	0,6	-4,8	12,69	2,01
Castela-A Mancha	494,7	2,9	-8,2	43.652.216	0,8	-5,2	11,33	2,07
Castela e León	593,0	3,6	-10,7	51.895.136	2,3	-3,6	11,43	1,33
Cataluña	1.421,5	2,6	-15,5	136.373.721	0,4	-11,7	10,42	2,16
Canarias	471,1	3,8	-3,4	43.169.868	2,6	3,5	10,91	1,21
C. Valenciana	1.232,1	1,9	-12,4	105.644.283	1,8	-7,4	11,66	0,17
Estremadura	314,9	1,1	-4,4	26.372.832	-0,2	-2,6	11,94	1,19
Galicia	696,5	1,7	-16,0	62.252.863	0,7	-6,6	11,19	0,90
Madrid	1.186,8	3,0	0,1	104.784.225	1,0	-4,8	11,33	2,07
Murcia	344,2	2,4	-10,8	30.170.656	1,7	-4,0	11,41	0,71
Navarra	133,9	-0,1	-9,7	11.688.749	-1,5	-5,0	11,45	1,33
País Vasco	484,1	1,9	-9,4	36.893.707	-0,1	-15,3	13,12	1,94
A Rioxa	71,2	0,8	-10,2	6.079.817	-0,8	-4,5	11,70	1,56
Ceuta	15,5	3,4	7,4	1.256.230	6,3	2,4	12,32	- 2,69
Melilla	14,1	5,6	16,4	1.072.423	8,7	2,2	13,12	- 2,89
Total	10.170,9	2,6	-8,7	908.518.174	0,8	-6,6	11,19	1,82

(1) variación antes/despois da reforma do modelo de prestación farmaceútica

Fonte: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, *Facturación de recetas médicas*

4.1.17.

farmacéutico implantadas son factores que en grande medida contribuíron á redución do gasto sanitario. En concreto, en relación ao ano 2011, o gasto farmacéutico descendeu nun 16% en Galicia, 7,3 puntos porcentuais máis que na media do Estado. ❑


4

4.2. Pobreza e cohesión social

Un indicador moi importante do grao de benestar social deriva da forma en que se organizan as estruturas familiares en base ao número de persoas que perciben ingresos dentro da vivenda familiar. No ano 2017 a Enquisa de Poboación Activa estima que en Galicia existen 1.089.700 vivendas familiares, das que 34.700 non dispoñían de ningunha persoa perceptora de ingresos (salario, algún tipo de pensión ou prestacións por desemprego), e en 464.700 vivendas só unha persoa percibía algún ingreso económico.

En 2017 (**cadro 4.2.2.**), diminúe o número de fogares sen perceptores de ingresos, rexistrándose 2.300 fogares menos nesta situación que no ano anterior. Esta redución é consecuencia da evolución na provincia de Pontevedra, onde por primeiro ano caen os fogares nesta situación, despois de incrementos continuos dende o ano 2010. Na mesma liña, diminúen en 3.900 o número de fogares cun só perceptor, consecuencia neste caso, case en exclusiva, da caída na provincia de Ourense.

Xunto á mellora que supón a redución de fogares sen perceptores de ingresos, a caída da poboación activa en Galicia favorece o incremento no número de fogares nos que ningún dos seus membros ten a condición de activo, acadando os 345.200 fogares nesta situación, o 31,7% do total dos fogares galegos. Nas 744.500 vivendas con ao menos un activo, no 9% (67.500 fogares) todos os membros activos están parados.

A pobreza vese influída pola incidencia de moitas variables non só económicas, senón tamén sociais e demográficas. Así, en Galicia, a importancia das rendas procedentes de pensións de xubilación e a súa resistencia nos anos de crise económica determina menores taxas de pobreza que a media estatal. O prezo dos insumos básicos inflúe tamén na existencia de situacións de carencia material, neste senso, no ano 2017 obsérvase un novo repunte no prezo da enerxía eléctrica para os consumidores domésticos en España (**cadro 4.2.5.**) fronte ao leve descenso que se produce na UE. Este aumento contribúe a perpetuar en España prezos notablemente superiores da enerxía eléctrica que na media UE-28. Segunda a enquisa de orzamentos familiares publicada polo IGE, no ano 2016 (último dato dispoñible) os fogares galegos de media dedicaron o 4% do seu orzamento a electricidade, gas e outros com-

Indicadores de pobreza en Galicia 2015-16

		Galicia	
		2015	2016
Taxa de risco de pobreza (1)	*(%)*	16,95	16,06
Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) (2)	*(%)*	22,55	20,33
Limiar monetario de pobreza segundo a composición do fogar (3)			
Fogar composto por unha persoa	*(euros)*	600,00	638,68
Fogar composto por dous adultos	*(euros)*	900,00	958,02
Fogar composto por dous adultos e dous menores de 14 anos	*(euros)*	1.260,00	1.341,23
Distribución entorno da renda baixa mediana (4)			
Taxa de risco de pobreza (40% da mediana)	*(%)*	5,58	5,18
Taxa de risco de pobreza (50% da mediana)	*(%)*	10,48	9,87
Taxa de risco de pobreza (70% da mediana)	*(%)*	23,33	24,22

(1) A taxa de risco de pobreza é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza de Galicia, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes

(2) a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situacións:
- En risco de pobreza (o 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo)
- En carencia material severa
- Persoas de 0 a 59 anos en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo.

(3) o limiar monetario de risco de pobreza é o produto do limiar de risco de pobreza de Galicia polas unidades de consumo de cada fogar.
As unidades de consumo de cada fogar constrúense asignando 1 ao primeiro adulto (persoa de 14 ou máis anos), 0,5 ao resto de adultos dese fogar e 0,3 a cada neno (persoa de menos de 14 anos).

(4) a distribución entorno ao limiar da renda baixa é a porcentaxe de persoas que teñen uns ingresos equivalentes inferiores ao 40%, 50% e 70% da mediana de ingresos equivalentes

Data de consulta: 14-6-18

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE. *Enquisa estrutural a fogares*.

4.2. 1.


Vivendas familiares 2012-17

	2012	2013	2014	2015	2016	2017
			(miles de vivendas)			
			Total fogares			
Galicia	1.061,7	1.070,5	1.078,3	1.081,9	1.087,4	1.089,7
A Coruña	448,8	449,3	447,2	448,8	453,6	457,0
Lugo	133,5	133,1	137,2	136,5	134,2	134,6
Ourense	133,4	133,3	137,8	136,2	136,4	134,0
Pontevedra	346,1	354,8	356,0	360,4	363,2	364,1
			Fogares sen perceptores de ingresos			
Galicia	29,1	33,9	32,3	32,9	37,0	34,7
A Coruña	11,5	14,7	11,4	10,8	14,1	14,4
Lugo	2,8	3,4	3,6	3,0	3,8	3,2
Ourense	3,1	3,8	4,2	4,5	3,8	4,0
Pontevedra	11,8	12,0	13,1	14,5	15,3	13,0
			Fogares cun só perceptor de ingresos			
Galicia	422,6	440,3	458,1	467,3	468,6	464,7
A Coruña	185,8	187,8	193,5	194,5	195,1	195,7
Lugo	50,4	51,7	55,9	55,3	54,5	54,0
Ourense	55,0	55,7	61,2	61,2	62,3	58,4
Pontevedra	131,4	145,1	147,5	156,4	156,7	156,6

Fonte: IGE, *EPA*

4.2. 2.

Prezos da electricidade e gas natural para consumidores domésticos en España e UE-28 2008-17 (1)



(1) prezo base 2008=100
Fonte: EUROSTAT

4.2. 3.

bustibles (3,7% media estatal); o gasto medio por fogar neste concepto foi de 1.046,82 euros (1.054,75 euros no Estado), un 7,8% menos que no ano anterior.

Outro determinante da pobreza e exclusión social é o aceso á unha vivenda, e, polo tanto, as dificultades para acometer os pagamentos de gastos relacionados coa vivenda principal, hipoteca ou aluguer. Asociado ao retraso ou imposibilidade de pago de gastos hipotecarios, o INE ofrece datos de certificacións de execucións hipotecarias que se inician e inscriben nos rexistros da propiedade. No ano 2017 iniciáronse en Galicia un total de 1.790 execucións hipotecarias sobre o total de fincas, (un 15,5% máis que no ano anterior), das que 787 corresponden a execucións sobre vivendas. A taxas de incremento das execucións hipotecarias en Galicia en 2017 é case a metade do incremento medio do Estado (28,9%).

O 90,2% das execucións hipotecarias sobre vivendas iniciadas en Galicia no ano 2017, correspóndense con vivendas de segunda man, sendo máis do 60% dos casos o seu titular unha persoa xurídica (**cadro 4.2.5.**)

• Pobreza

Outro indicador de pobreza que abarca máis variables ademais da desigualdade monetaria é o definido na Estratexia Europa 2020 que incorpora aspectos como a situación laboral ou a escaseza de recursos materiais. Este índice, denominado AROPE *(At Risk Of Poverty and/or Exclusion*), inclúe tanto as persoas que se atopan en risco de pobreza monetaria como os fogares con moi baixa intensidade de traballo –están nesta situación as persoas con menos de 59 anos que viven en fogares cuxos membros adultos traballaron menos do 20% do seu potencial laboral total durante o ano anterior– e a privación material severa – porcentaxe de persoas que viven con escaseza de recursos ao non ter acceso, ao menos, a 4 dos seguintes 9 ítems: gastos imprevistos; unha semana de vacacións fóra da casa; pago da hipoteca ou das facturas de luz, auga, gas...; unha

Gastos medios por fogar e distribución porcentual en Galicia e España 2016

	Galicia		España	
	(€)	*(%)*	*(€)*	*(%)*
Alimentos	4.001,5	15,2	3.824,4	13,6
Bebidas non alcólicas	255,2	1,0	298,9	1,1
Bebidas alcólicas	191,8	0,7	190,0	0,7
Tabaco	332,4	1,3	346,4	1,2
Vestido	1.082,9	4,1	1.077,1	3,8
Calzado	432,8	1,7	374,3	1,3
Alugueres reais de vivenda	579,7	2,2	947,1	3,4
Alugueres imputados de vivenda	5.209,6	19,8	5.671,8	20,1
Conservación e reparación da vivenda	319,9	1,2	241,2	0,9
Subministro de auga e outros servizos relacionados coa vivenda	627,2	2,4	790,8	2,8
Electricidade, gas e outros combustibles	1.046,8	4,0	1.054,8	3,7
Mobles e accesorios, alfombras e outros revestimentos do solo	217,7	0,8	232,7	0,8
Artículos textis para o fogar	133,5	0,5	120,1	0,4
Aparatos domésticos	228,0	0,9	238,2	0,8
Menaxe e ferramientas do fogar	156,0	0,6	143,0	0,5
Bens e servizos para o mantemento corrente do fogar	491,5	1,9	548,7	2,0
Productos, aparatos e equipos médicos	638,3	2,4	607,7	2,2
Servizos médicos, ambulatorios e hospitalarios	342,3	1,3	359,0	1,3
Adquisición de vehículos	924,6	3,5	958,2	3,4
Utilización de vehículos personais	2.125,3	8,1	1.870,8	6,6
Servizos de transporte	233,7	0,9	434,6	1,5
Equipos de telefonía e fax	64,2	0,2	83,3	0,3
Servizos postais, de telefonía e fax	737,2	2,8	798,9	2,8
Equipos audiovisuais, fotográficos e de procesamento de información	164,3	0,6	176,3	0,6
Outros benes para o ocio, o deporte e a cultura (xogos, instrumentos musicais, xardinaría, mascotas, etc.)	389,1	1,5	405,5	1,4
Servizos recreativos, deportivos e culturais	416,9	1,6	498,7	1,8
Prensa, libros e artigos de papelería	186,4	0,7	230,8	0,8
Paquetes turísticos	175,1	0,7	282,5	1,0
Ensinanza Infantil e Primaria	97,4	0,4	143,9	0,5
Ensinanza Secundaria e Postsecundaria non Superior	53,9	0,2	83,1	0,3
Ensinanza Superior	79,7	0,3	145,1	0,5
Ensinanzas non definidas por nivel	27,4	0,1	27,0	0,1
Restauración e comedores	2.051,6	7,8	2.507,3	8,9
Servizos de aloxamento	159,5	0,6	273,2	1,0
Cuidado persoal	670,2	2,6	739,0	2,6
Efectos persoais n.c.o.p.	181,0	0,7	180,2	0,6
Protección social	79,1	0,3	63,9	0,2
Seguros	1.016,2	3,9	1.011,6	3,6
Servizos financeiros n.c.o.p.	15,0	0,1	11,8	0,0
Otros servizos n.c.o.p.	156,6	0,6	208,5	0,7
Total	26.291,1	100,0	28.199,9	100,0

Fonte: INE

4.2. 4.

Estadísticas sobre execucións hipotecarias 2016-17

	2016		2017	
	Galicia	España	Galicia	España
Nº total de fincas	1.550	73.104	1.790	51.999
Vivendas	711	41.288	787	27.171
Vivenda nova	39	5.344	77	4.632
Vivenda segunda man	672	35.944	710	22.539
Persoas físicas	440	27.189	305	14.102
Persoas xurídicas	271	14.099	482	13.069

Fonte: INE

4.2. 5.

Risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) 2014-16 (1)

	2014	2015	2016
		(%)	
Total	22,11	22,55	20,33
A Coruña	19,95	19,13	18,04
Lugo	19,15	16,69	16,70
Ourense	22,86	23,33	24,53
Pontevedra	25,48	28,45	22,94
Nacionalidade	22,11	22,55	20,33
Española	21,34	21,77	19,32
Estranxeira	52,98	58,64	58,95
Fogares con ou sen nenos e mozos a cargo	22,11	22,55	20,33
Fogares con nenos e mozos a cargo	23,96	24,59	21,64
Un adulto con nenos e mozos a cargo	52,05	51,40	49,58
Dous adultos con nenos e mozos a cargo	22,93	21,63	20,40
Dous adultos cun neno e mozo a cargo	20,52	18,74	17,57
Dous adultos con dous ou máis nenos e mozos a cargo	24,89	24,17	22,95
Tres ou máis adultos con nenos e mozos a cargo	21,42	26,46	18,29
Fogares sen nenos e mozos a cargo	20,48	20,78	19,22
Un adulto sen nenos e mozos a cargo	23,36	26,62	21,79
Dous adultos sen nenos e mozos a cargo	19,79	20,35	20,08
Tres ou máis adultos sen nenos e mozos a cargo	20,15	18,90	17,19
Fogares segundo tipoloxías	22,11	22,55	20,33
Unipersoal	23,36	26,62	21,79
Sen núcleo	27,16	31,86	26,31
Parella con fillos	21,67	20,73	19,34
Parella sen fillos	15,47	16,23	17,16
Monoparental	40,30	38,59	35,57
Un núcleo e outros	22,22	23,51	18,34
Varios núcleos	16,19	21,95	14,43

(1) a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situación: 1) risco de pobreza: o ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60% da mediana; 2) en carencia material severa; 3) Persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo, é dicir, onde o número de días que os adultos de 18 a 59 anos dese fogar tiveron ingresos por traballo supón ata o 20% do número total de días que poderían telos durante o ano natural anterior á realización da enquisa

Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

4.2.6.

comida de carne, polo, pescado ou proteína equivalente ao menos cada dous días; manter a vivenda a unha temperatura axeitada os meses de inverno; lavadora; televisión en cor; teléfono; e coche.

A análise pormenorizada da situación de pobreza e exclusión social en Galicia realízase a partir da información facilitada na Enquisa estrutural a fogares. Cómpre destacar que dado que o cálculo do limiar de pobreza basease no 60% dos ingresos medianos dos fogares galegos, as taxas de risco non coinciden coas proporcionadas pola Enquisa de condicións de vida do INE, que parte do 60% dos ingresos medianos do Estado.

Os datos presentados no **cadro 4.2.6.** amosan que a distribución provincial da pobreza non é homoxénea. Dunha banda, as provincias do norte de Galicia seguen a manter as taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) máis reducidas, con taxas inferiores á media galega (20,3%). No ano 2016, último dato dispoñible, o 16,7% da poboación de Lugo atópase en situación de risco ou exclusión social fronte ao 18% en A Coruña. Doutra banda, a provincia de Ourense sitúase no último ano como a provincia coa taxa máis elevada, cun 24,5%, superando a Pontevedra, cunha taxa de risco de pobreza e exclusión social do 22,9%. En relación ao ano anterior, cómpre salientar o descenso experimentado en Pontevedra, e en menor medida en A Coruña, aumentando tan só no caso de Ourense. As redución das

Risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) 2011-16: distribución segundo áreas

	2011	2015	2016
		(%)	
Total	22,05	22,55	20,33
A Coruña	19,95	19,13	18,04
A Coruña suroriental	19,21	15,95	14,69
Ferrol-Eume-Ortegal	19,95	22,27	24,03
Área da Costa da Morte	28,45	22,31	19,33
A Barbanza-Noia	19,91	21,46	20,81
Área da Coruña	17,92	17,99	15,80
Área de Santiago	18,69	16,16	16,00
Lugo	19,15	16,69	16,70
Lugo sur	28,88	21,21	23,98
Lugo oriental	20,04	20,42	12,57
Lugo central	16,85	15,70	16,86
A Mariña	17,48	13,93	13,50
Ourense	22,86	23,33	24,53
O Carballiño-O Ribeiro	26,67	29,94	30,41
Ourense central	21,94	19,71	18,42
Ourense sur	30,44	25,56	30,02
Área de Ourense	17,61	21,27	21,70
Pontevedra	25,48	28,45	22,94
Pontevedra nororiental	18,44	20,53	20,91
Pontevedra sur	33,35	37,22	26,65
Caldas-O Salnés	29,00	39,10	25,70
O Morrazo	24,22	23,12	22,15
Área de Pontevedra	23,91	26,38	20,71
Área de Vigo	24,07	25,42	22,16

Fonte: IGE, *Enquisa estrutual a fogares*

4.2.7.

taxas de pobreza prodúcese a pesar do incremento no limiar de pobreza utilizado, de xeito que o 60% da mediana de ingresos equivalentes pasa de 600 euros no ano 2015 a 638,68 en 2016.

Nunha análise xeográfica máis pormenorizada, obsérvase que a diferencia do acontecido nos cinco anos anteriores, todas as áreas da provincia de Pontevedra, incluída a de Pontevedra nororiental (comarcas de Deza e Tabeiros-Terra de Montes), teñen unha taxa de risco de pobreza e exclusión social (EE2020) superior á media galega. No último ano, Ourense sur (comarcas de Limia, Baixa Limia, Terra de Celanova, Verín e Viana) e O Carballiño-O Ribeiro presentan as taxas máis elevadas, con valores lixeiramente superiores ao 30%. Por contra, a Mariña lucense e Lugo Oriental (comarcas da Fonsagrada, Os Ancares e Sarria) son as áreas que presentan unha menor taxa de pobreza, cun 13,5% e 12,6%, respectivamente (**cadro 4.2.7.**).

Ao igual que acontece en termos territoriais, as variables demográficas tamén determinan a existencia de diferenzas no risco de pobreza. Ao igual que o observado a nivel español ou europeo, a poboación entre 16 e 24 anos é a que rexistra unha maior incidencia, de xeito que en Galicia o 28% destas persoas estarían en risco de pobreza, sendo dita porcentaxe do 23,9% para as persoas de entre 50 e 64 anos. Como se aprecia no **cadro 4.2.8.**, entre os meses de decembro de 2015 e 2016 todos os grupos de idade considerados presentan, tanto no caso dos homes como das mulleres, un descenso da porcentaxe de poboación en situación de risco de pobreza ou exclusión social (agás no dos homes maiores de 65 anos).

Doutra banda, tal e como recolle o xa citado **cadro 4.2.6.**, o risco de pobreza é moito maior para os estranxeiros que para os nacionais, situándose no 59% para a poboación estranxeira fronte ao 19,3% para a española.

Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) 2014-16: distribución segundo sexo e grupos de idade (1)

	2014			2015			2016		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
			(%)						
Total	22,24	21,98	22,11	22,64	22,48	22,55	20,63	20,05	20,33
Menos de 16 anos	23,13	25,15	24,11	25,15	23,58	24,40	22,25	22,89	22,56
De 16 a 24 anos	31,23	31,35	31,29	31,10	32,63	31,85	29,40	26,53	28,00
De 25 a 49 anos	23,79	21,85	22,82	24,16	24,48	24,32	21,40	20,50	20,95
De 50 a 64 anos	27,39	29,40	28,42	25,71	26,07	25,89	23,43	24,40	23,93
De 65 ou máis anos	10,37	12,49	11,58	12,24	13,94	13,21	12,33	13,14	12,79

(1) datos a 31 de decembro
Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

4.2. 8.

A existencia de fogares con cargas familiares ou a tipoloxía dos mesmos, determinan tamén un maior ou menor risco de pobreza. A pesar dun novo descenso, o maior risco de pobreza rexístrase nos fogares compostos por un adulto con nenos e mozos a cargo, cun 49,6% dos mesmos en situación de pobreza ou exclusión social en 2016 (51,4% en 2015). Diferenciando por tipoloxías, os fogares monoparentais son os que rexistran unha maior taxa co 35,6% dos mesmos en situación de risco de pobreza ou exclusión (38,6% no ano anterior).

Finalmente, no concernente ao tamaño dos municipios, ao contrario do acontecido no ano anterior, en 2016 as porcentaxes máis reducidas da taxa de pobreza (EE2020) corresponden aos concellos entre 10.000 e 20.000 habitantes, cunha taxa do 19,1% (27,8% en 2015). Por contra, as máis elevadas rexístranse no caso do concellos cunha poboación entre 20.000 e 50.000 habitantes, cunha taxa do 23,4%. (22,1% no ano anterior).

- **Desigualdade**

Segundo a OCDE o aumento da desigualdade en España como consecuencia da crise económica foi o máis elevado de todos os países desenvolvidos. España no período de expansión anterior á crise rexistraba altos niveis de desigualdade en comparación coa media da UE, aínda que moi estables, pero o forte descenso da renda dispoñible, especialmente entre a poboación de ingresos baixos e medios, e o menor efecto de este descenso nos sectores de ingresos altos, favoreceu o forte aumento da desigualdade e as consecuencias sociais derivadas da mesma.

Os principais organismos internacionais coinciden na necesidade de reducir a diferencia entre os niveis de renda da poboación situada nos extremos da distribución de ingresos, así como en afirmar as negativas consecuencias do incremento da desigualdade sobre o crecemento económico.

Ademais das taxas monetarias de pobreza analizadas anteriormente, o grao de desigualdade pode medirse de xeito máis preciso a través tanto da evolución do coeficiente de Gini como da distribución da renda (**cadro 4.2.9.**).

Dunha banda, o coeficiente de Gini é un número entre 0 e 1, onde 0 se corresponde coa perfecta igualdade (todos teñen os mesmos ingresos) e onde o valor 1 se corresponde coa perfecta desigualdade (unha persoa ten todos os ingresos e os demais ningún). No ano 2016, último dato dispoñible, o valor do índice de Gini sería en Galicia do 0,272, valor similar ao rexistrado no ano 2008.

Doutra banda, o indicador da distribución da renda S80/S20 calcúlase como o cociente entre o ingreso medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis pobre. Este

Desigualdade en Galicia e España 2008-15: Índice de Gini e distribución da renda S80/20 (1)

Índice de Gini (2)

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Galicia	0,272	0,278	0,278	0,276	0,283	0,286	0,283	0,287	0,272
A Coruña	0,272	0,277	0,282	0,276	0,286	0,291	0,279	0,290	0,267
Lugo	0,284	0,276	0,266	0,268	0,278	0,264	0,274	0,265	0,266
Ourense	0,279	0,288	0,271	0,264	0,277	0,274	0,277	0,272	0,279
Pontevedra	0,261	0,274	0,276	0,280	0,279	0,288	0,289	0,291	0,276
España	0,329	0,335	0,340	0,342	0,337	0,347	0,346	0,345	

Distribución da renda S80/S20 (3)

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Galicia	4,02	4,13	4,16	4,21	4,47	4,51	4,45	4,50	4,16
A Coruña	4,02	4,14	4,22	4,22	4,53	4,64	4,34	4,47	4,02
Lugo	4,17	4,11	3,91	3,93	4,27	3,95	4,23	3,99	4,03
Ourense	4,18	4,34	3,98	3,93	4,39	4,22	4,27	4,28	4,32
Pontevedra	3,79	4,03	4,16	4,35	4,39	4,58	4,62	4,64	4,28
España	5,90	6,20	6,30	6,50	6,30	6,80	6,90	6,60	

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

(2) o índice de Gini mide a concentración dunha distribución de rendas entre os membros dun colectivo a partir do ingreso equivalente por persoa sendo éste o ingreso equivalente do fogar ao que pertence.

(3) distribución da renda S80/S20: cociente entre o ingreso medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis pobre.

Fonte: IGE e INE

4.2. 9.

indicador mostra no ano 2016 os ingresos medios do quintil máis rico da poboación son 4,16 veces superiores aos ingresos medios do quintil de poboación máis pobre.

Igual que acontecía coa taxa de pobreza, a 31 de decembro de 2015 a provincia de Ourense é a que mostra unha maior desigualdade, co maior índice de Gini das provincias galegas (0,279), e cuns ingresos do quintil máis rico da súa poboación 4,32 veces superior aos ingresos do quintil máis pobre.

Dependencia e discapacidade

Segundo a Enquisa Estrutural a Fogares elaborada polo IGE, en 2017 en Galicia estímase que residen 117.875 persoas en situación de dependencia, sendo as provincias de Ourense e Lugo onde os índices de incidencia son maiores como consecuencia do maior envellecemento da poboación. En xeral, o intenso envellecemento da poboación en Galicia obrigará a destinar cada vez máis recursos á protección das persoas maiores con dependencia.

A finais de 2017, tras máis dunha década da aprobación da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, en Galicia existen 80.796 solicitudes formalizadas para acceder ás prestacións do SAAD, un 1,6% máis que no ano anterior.

Tras esta medra, o número de solicitudes rexistradas en Galicia no ano 2017 supón o 4,7% do total estatal, dúas décimas menos que no ano anterior. En relación á poboación empadroada en Galicia, as solicitudes rexistradas representan o 2,98% da poboación da CCAA, fronte ao 3,67% de media no Estado. Tan só Baleares, Ceuta e Melilla, Canarias e a C. Valenciana presentan unha rateo inferior á rexistrada en Galicia.

A pesar da medra no número de solicitudes, no último ano redúcese novamente o número de solicitudes pendentes de valoración, que se sitúa en 1.503 solicitudes fronte ás 1.726 solicitudes en lista de agarda de valoración no ano anterior.

No que respecta aos resultados das valoracións, tal e

Dependencia en Galicia e España 2016-17: principais indicadores (1)

	2015			2016			2017		
	Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España	G/E (%)
Solicitudes	79.244	1.610.714	4,9	79.530	1.622.203	4,9	80.796	1.711.379	4,7
Ditámenes	76.654	1.504.550	5,1	77.804	1.518.965	5,1	79.293	1.591.166	5,0
Beneficiarios con dereito a prestación	65.495	1.180.435	5,5	66.494	1.213.873	5,5	67.228	1.264.951	5,3
Grado III	23.132	349.795	6,6	24.907	363.920	6,8	25.094	375.010	6,7
Grado II	24.474	449.360	5,4	23.560	455.741	5,2	23.601	475.744	5,0
Grado I	17.889	381.280	4,7	18.027	394.212	4,6	18.533	414.197	4,5
Beneficiarios con prestación	41.823	796.109	5,3	49.101	865.564	5,7	55.370	954.831	5,8
Prestacións	45.642	997.984	4,6	54.862	1.068.967	5,1	63.601	1.178.011	5,4
Prevención dependencia e Promoción A. Persoal	1.980	29.461	6,7	3.170	38.854	8,2	4.167	46.078	9,0
Teleasistencia	1.667	140.252	1,2	2.555	164.136	1,6	4.049	186.276	2,2
Axuda a domicilio	12.340	147.748	8,4	16.571	170.693	9,7	20.465	194.725	10,5
Centros de día/noite	6.112	84.462	7,2	6.722	85.730	7,8	7.062	90.959	7,8
Atención residencial	7.647	148.382	5,2	7.738	151.719	5,1	7.660	157.174	4,9
P.E. vinculada servizo	4.822	83.734	5,8	5.088	90.847	5,6	6.806	110.669	6,1
P.E. coidados familiares	10.989	360.505	3,0	12.930	361.209	3,6	13.392	385.476	3,5
P.E. Asist. persoal	85	3.440	2,5	88	5.779	1,5		6.654	0,0
Rateo prestacións por persoa beneficiaria	1,09	1,25		1,12	1,23		1,15	1,23	

Grao III.- Gran dependencia: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá varias veces ao día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisa o apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeneralizado para a súa autonomía persoal.

Grao II.- Dependencia grave: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, dúas ou tres veces ao día, pero non quere o apoio permanente dun coidador ou ten necesidades de apoio extenso para a súa autonomía persoal.

Grao I.- Dependencia moderada: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, polo menos unha vez ao día, ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal.

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: IMSERSO, *Sistema para la autonomía y atención a la dependencia*

4.2.10.

como se deduce do **cadro 4.2.10.**, o 15,2% dos ditames emitidos foron negativos, quedando os solicitantes fóra do sistema. A maioría dos ditames, 67.228 (o 84,8%), resultaron positivos, co correspondente recoñecemento do grao de dependencia. Comparado co resto das CC.AA., Galicia sitúase como a terceira Comunidade Autónoma, tras Murcia e Canarias, coa maior porcentaxe de solicitudes favorables sobre ditaminadas (79,5% no conxunto do Estado).

Os datos correspondentes ao ano 2017 reflicten a existencia en Galicia de 25.094 persoas recoñecidas como grandes dependentes (grado III), un colectivo que aumentou no último ano en 187 persoas (0,8%). O número de beneficiarios con prestación de grao II, ou dependencia grave, mantense practicamente constante, aumentando ata as 23.601 persoas (41 máis que en 2016). O maior incremento prodúcese no caso dos beneficiarios de grao I, afectación moderada, cunha medra de 506 beneficiarios máis, para situarse en 18.533 beneficiarios rexistrados no último ano.

Un indicador significativo da evolución do sistema é a análise da evolución do número de persoas con prestación. A asignación da prestación realízase mediante resolución administrativa, do Programa Individual de Atención (PIA), onde se determina a prestación ou servizo que lle corresponde a cada persoa dependente en función, entre outros aspectos, do seu grao de discapacidade e da súa capacidade económica.

O número de persoas atendidas polo sistema de dependencia ascende en 2017 ata os 55.370 beneficiarios, o 5,1% do total estatal (5,7% no ano anterior). Atendendo ao seu peso relativo na poboación total de Galicia, os beneficiarios con prestacións representan o 2%, porcentaxe similar á media estatal.

Entidades prestadoras de servizos sociais 2017 (1)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Outra (2)	Pontevedra	TOTAL
Iniciativa privada con ánimo de lucro	186	57	93		175	511
Discapacidade		1			3	4
Infancia	94	17	27		73	211
Maiores	92	39	66		99	296
Iniciativa pública	230	104	106	9	162	611
Comunidade	22	15	14		23	74
Discapacidade	13	2			5	20
Familia	3	1	2		3	9
Igualdade				9		9
Inclusión	2		1		4	7
Infancia	129	48	45		89	311
Maiores	56	37	40		31	164
Menores	5	1	4		7	17
Iniciativa pública	194	79	102	1	173	549
Comunidade	1				2	3
Discapacidade	90	34	31		71	226
Igualdade				1		1
Inclusión	28	1	8		22	59
Infancia	24	2	5		32	63
Maiores	35	27	47		19	128
Menores	16	15	11		27	69
TOTAL	610	240	301	10	510	1671

(1) 31 decembro de 2017
(2) fai referencia a entidades que teñen o seu domicilio social fora de Galicia
Fonte: Consellería de Política Social

4.2.11.

A pesar do aumento nun 12,8% do número de atendidos polo sistema, este continúa sen atender a 11.858 persoas cunha valoración positiva para acceder ás prestacións e que non están sendo atendidas polo sistema. Tras o descenso da lista de agarda en 5.535 persoas, aínda están sen atender o 17,8% das persoas dependentes con dereito a prestación (26,2% no ano anterior), sendo esta porcentaxe case sete puntos inferior á do conxunto do Estado.

O catálogo de prestacións inclúe, por unha banda, prestacións económicas para coidados familiares e vinculadas a servizos concretos, así como dispoñer dun asistente persoal e, por outra banda, contempla servizos de residencia, centros de día e de noite, axuda a domicilio, teleasistencia, servizo de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal.

No ano 2017 volve a incrementarse o número de prestacións concedidas ás persoas valoradas como dependentes, situándose 63.601 prestacións, un 15,9% máis que no ano anterior, o que supón o 5,4% das prestacións en España. O incremento no número de prestacións ven explicado, en grande medida, pola incorporación ao sistema dos dependentes de grado I. O número total de prestacións por persoa beneficiaria é de 1,15 en Galicia, mentres que a media estatal é de 1,23 prestacións por beneficiario.

O artigo 14 da Lei de dependencia establece a prioridade das prestacións consistentes en servizos sobre as económicas. En Galicia, no ano 2017 o 21,1% das prestacións son prestacións de tipo económico para coidados no entorno familiar (42,8% no Estado).

Tal como se sinala no **cadro 4.2.10.**, entre as prestacións por servizos salienta o elevado peso relativo das prestacións de axuda a domicilio, un 32,2% do total en Galicia fronte a só o 16,5% de media no Estado; igualmente destaca a reducida importancia relativa en Gali-

Coidadores non profesionais: afiliados en alta na Seguridade Social 2009-17 (1)

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia / España
							(%)
2009	6.053	2.328	714	957	2.054	100.423	6,0
2010	8.752	3.115	1.141	1.617	2.879	150.566	5,8
2011	8.206	2.923	1.063	1.420	2.800	173.424	4,7
2012	2.316	753	390	479	694	23.933	9,7
2013	1.737	567	304	358	508	16.736	10,4
2014	1.393	465	251	287	390	13.553	10,3
2015	1.110	370	201	222	317	11.189	9,9
2016	1.008	347	176	197	288	9.753	10,3
2017	911	326	162	161	262	8.498	10,7

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

A Disposición Transitoria decimoterceira do Real Decreto-Lei 20/2012 establece que os convenios especiais no Sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesionais extinguiranse o día 31 de agosto de 2012, agás que o subscritor solicite expresamente o mantemento do mesmo; neste caso, dende o día 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2012 a cotización terá unha redución do 10%, estando o 5% restante da cota a cargo da Administración e o 85% a cargo do coidador. A partir do día 1 de xaneiro de 2013, o convenio especial será a cargo exclusivamente do coidador profesional.

Fonte: Seguridad Social

4.2.12.

Contratos de traballo iniciais para persoas discapacitadas en Galicia e España 2017 (1)

	Galicia					España	G / E
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		
							(%)
C. indefinidos persoas con discapacidade	685	294	93	64	234	10.678	6,4
Homes	405	179	58	41	127	6.335	6,4
Mulleres	280	115	35	23	107	4.343	6,4
Xornada completa	443	182	68	45	148	6.303	7,0
Xornada parcial	212	100	20	13	79	36.001	0,6
Fixos discontinuos	30	12	5	6	7	774	3,9
C. temporais persoas con discapacidade	1.451	556	163	125	607	25.300	5,7
Homes	923	362	103	75	383	15.846	5,8
Mulleres	528	194	60	50	224	9.454	5,6
Xornada completa	888	359	97	77	355	15.343	5,8
Xornada parcial	563	197	66	48	252	9.957	5,7
12 meses	1.425	544	160	124	597	24.408	5,8
de 12 a 18 meses	21	10	3	1	7	724	2,9
de 18 a 24 meses	1	1	-	-	-	44	2,3
máis de 24 meses	4	1	-	-	3	124	3,2
Prórroga contratos temporais							
Prórroga a persoas con discapacidade	689	277	72	50	290	12.928	5,3
Contratos convertidos en indefinidos de persoas con discapacidade							
a persoas con discapacidade	370	161	36	33	140	8.915	4,2
C. Temporais a persoas discapacidade	302	121	29	28	124	5.403	5,6
C. Indefinidos bonificados	5.351	2.150	729	576	1.896	93.151	5,7
A persoas con discapacidade	1.105	487	143	99	376	20.953	5,3

(1) datos acumulados a 31/12/2016

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal

4.2.13.

Fogares 2009-16: tipoloxías segundo o tamaño do concello (1)

	< 10.000 hb.	Entre 10.000 e 20.000 hb	Entre 20.000 e 50.000 hb.	>50.000 hb	Total
			(%)		
Unipersoal					
2009	22,2	18,2	17,8	19,4	19,8
2015	22,4	19,0	19,7	23,1	21,7
2016	23,0	17,6	18,9	22,5	21,2
Sen núcleo					
2009	2,7	1,6	1,6	2,2	2,1
2015	2,6	1,5	1,9	1,9	2,1
2016	2,4	1,9	1,1	1,9	1,9
Parella con fillos					
2009	27,9	37,3	39,2	36,2	34,2
2015	28,8	36,3	39,0	33,1	33,2
2016	27,1	36,5	37,6	32,1	32,3
Parella sen fillos					
2009	23,2	19,8	23,9	23,5	22,8
2015	22,2	22,0	21,1	25,3	23,2
2016	25,7	22,5	23,4	23,9	24,1
Monoparental					
2009	7,4	10,5	8,6	10,9	9,4
2015	9,0	9,7	10,3	10,3	9,8
2016	7,4	11,2	10,7	12,2	10,4
Un núcleo e outros					
2009	11,2	7,9	6,4	5,5	7,8
2015	9,4	7,7	4,3	4,9	6,6
2016	9,7	6,4	5,8	5,4	6,9
Varios núcleos					
2009	5,5	4,9	2,6	2,4	3,8
2015	5,7	3,9	3,9	1,4	3,5
2016	4,7	3,8	2,5	2,2	3,3
Total	100	100	100	100	100

(1) Datos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

4.2.14.

cia da teleasistencia, que a pesar do acusado incremento, supón tan só o 6,4% das prestacións, lonxe do 15,8% en España.

No ano 2017 en Galicia existen 128 centros de maiores de iniciativa pública, 164 de iniciativa privada e 296 de iniciativa privada con ánimo de lucro (**cadro 4.2.11.**)

O **cadro 4.2.12.** amosa que o número de afiliados ao convenio de coidadores non profesionais en Galicia continúa descendendo en 2017 para situarse nas 911 persoas, o 10,7% do total estatal, caída consecuencia da eliminación do financiamento estatal das cotizacións á Seguridade Social dos coidadores non profesionais.

Finalmente, no que respecta á contratación de persoas con algún tipo de discapacidade (**cadro 4.2.13.**), no ano 2017 asináronse en Galicia un total 685 contratos indefinidos para persoas con discapacidade, dos que 443 son a xornada completa. Os contratos temporais a persoas con discapacidade foron 1.451. De cada 1.000 contratos indefinidos asinados en Galicia no último ano 14,4 corresponden a persoas con discapacidade (8,6 contratos no conxunto do Estado), e de cada 10.000 contratos temporais 15,4 son de persoas con discapacidade (12,9 en España).

Familia e infancia

Segundo datos da Enquisa Estrutural de Fogares do IGE, a 31 de decembro de 2016, o 32,3% dos fogares galegos estaban compostos por unha parella con fillos, **cadro 4.2.14.**, dous puntos porcentuais menos que no ano 2009, seguidos dos fogares compostos por parellas sen fillos, co 24,1%, 1,3 puntos porcentuais máis que no ano 2009. O 21,2% dos fogares galegos son unipersoais; e dos 224.439 fogares unipersoais existentes en Galicia no ano 2016, en 114.906, o 51,2%, a persoa ten

Escolas infantís 2017: distribución segundo tipo de iniciativa e provincia

	Centros	Prazas		
			poboación 0-3 anos	prazas / poboación *(prazas / 100 habs.)*
Iniciativa pública	247	15.889	78.129	20,3
A Coruña	114	7.692	33.574	22,9
Lugo	31	1.726	8.542	20,2
Ourense	21	1.328	7.449	17,8
Pontevedra	81	5.143	28.564	18,0
Iniciativa privada con ánimo de lucro	200	10.256	78.129	13,1
A Coruña	88	4.556	33.574	13,6
Lugo	17	779	8.542	9,1
Ourense	27	1.138	7.449	15,3
Pontevedra	68	3.783	28.564	13,2
Iniciativa social	60	3.658	78.129	4,7
A Coruña	24	1.500	33.574	4,5
Lugo	2	60	8.542	0,7
Ourense	4	99	7.449	1,3
Pontevedra	30	1.999	28.564	7,0
Total	507	29.803	78.129	38,1
A Coruña	226	13.748	33.574	40,9
Lugo	50	2.565	8.542	30,0
Ourense	52	2.565	7.449	34,4
Pontevedra	179	10.925	28.564	38,2

Fonte: Consellería de Política Social

4.2.15.

máis de 65 anos. As proxección de fogares 2016-2031 do INE estima que no ano 2031 en Galicia os fogares unipersoais acadarán os 347.000.

A tipoloxía de fogar máis numerosa en Galicia é a parella con fillos, pero a súa porcentaxe sobre o total de fogares descende de xeito continuo, dende o 34,8% no ano 2009 ata o 32,3% do ano 2016. Por outra banda, os fogares compostos por parellas sen fillos acadan no ano 2017 as porcentaxes máis elevadas da serie¸ neste senso a porcentaxe de fogares onde non reside ningún menor de 16 anos, pasa do 75,8% en 2009 ao 77% do total en 2016. As proxección de fogares 2016-2031 do INE estima que no ano 2031 en Galicia os fogares nos que residan máis de tres persoas serán 225 mil, un 7% menos que en 2016.

Galicia contaba en 2017 cun total de 507 escolas infantís, que ofertaban 29.803 prazas (**cadro 4.2.15.**). Tendo en conta que a poboación galega de 0 a 3 anos ascende a 78.129 nenos, a rateo praza por cada 100 nenos sitúase en 38,1. A Coruña é a provincia que rexistra a proporción máis elevada dado que os 226 centros existentes ofrecen unha rateo de 40,9 prazas. Séguelle Pontevedra e Ourense, con 38,2 e 34,4 prazas por cada cen nenos de 0-3 anos, e finalmente Lugo, cunha rateo de 30 prazas por cada 100 nenos menores de 3 anos.

Violencia de xénero e maltrato infantil

A violencia de xénero defínese como a manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, que se exerce sobre estas por parte de quen sexan ou teñan sido os seus cónxuxes, ou de quen están ou teñan estado ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia, e comprende todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade.

No ano 2017 en Galicia foi asasinada unha muller ví-

Violencia de xénero en Galicia e España 2017

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	G / E
							(%)
Chamadas pertinentes	3.464	1.676	274	304	1.210	77.632	4,5
Usuarias	2.402	1.226	189	189	798	53.812	4,5
Familiares/achegados	967	405	71	101	390	21.677	4,5
Outros	95	45	14	14	22	2.143	4,4
Axudas concedidas	65					507	12,8
Axudas cambio residencia	144	78	15	11	40	3.491	4,1
Contratos bonificados	54	25	7	6	16	808	6,7
Contratos de substitución	29	21	2	2	4	384	7,6
Número de denuncias	4.943	1.872	591	543	1.937	166.260	3,0
Presentadas directamente víctima	198	41	24	43	90	5.990	3,3
Presentadas directamente familiares	17	4	1	1	11	444	3,8
Atestado policial con denuncia víctima	3.532	1.302	354	397	1.479	108.945	3,2
Atestado policial con denuncia familiares	425	229	114	17	65	2.957	14,4
Atestado policial. Intervención directa policía	324	131	70	67	56	25.600	1,3
Parte de lesiones	374	153	23	15	183	16.192	
Servizos asistencia a terceiros	73	12	5	3	53	6.132	1,2
Dispositivos electrónicos							
Instalacións acumuladas	142	41	17	15	69	5153	2,8
Desinstalacións acumuladas	108	30	14	13	51	4134	2,6
Dispositivos activos	34	11	3	2	18	1019	3,3
Perceptores de Renda Activa de Inserción	1.213	498	145	161	409	31.398	3,9
Seguemento integral	3.150	1.366	438	377	969	54.793	5,7
Casos con protección policial	1.665	873	189	141	462	27.607	6,0
Usuarios ATENPRO (1)	543	331	44	24	144	12.477	4,4
Vítimas mortais	1	-	-	1	-	49	2,0
Convivencia	1		-	1	-	30	3,3
Non convivencia	-	-		-		18	-
Non consta						1	

Fonte: Delegación del Gobierno para la violencia de género

4.2.16.

tima de violencia de xénero, 49 no conxunto do Estado.

Tomado como indicador de benestar social a incidencia da violencia en xeral e da violencia de xénero de forma particular, en Galicia o número de chamadas pertinentes realizadas en Galicia ao 016 –teléfono que ofrece información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero con carácter gratuíto e universal– descendeu no ano 2017 acadando as 3.464 chamadas, un 13,9% menos que no ano anterior, das que 2.402 foron realizadas polas propias usuarias (14% menos que en 2016) e 967 por familiares ou persoas achegadas.

O número de denuncias realizadas no último ano aumenta respecto ao ano anterior, rexistrándose un total de 4.943 denuncias (4.175 en 2016), o 3% do total estatal. O 71% do total de denuncias corresponden a atestados policiais con denuncia da vítima, con 3.532 denuncias, (o 3,2% das rexistradas en España).

No que respecta aos dereitos laborais e económicos, o **cadro 4.2.16.** mostra que os contratos bonificados a mulleres vítimas da violencia de xénero ascenderon no último ano a 54, o que representa o 6,7% do total estatal. Así mesmo, o número de mulleres perceptoras da Renda Activa de Inserción redúcese en 2017, con 1.213 preceptoras (118 menos que no ano anterior), o que supón o 3,9% das perceptoras en España.

Na Comunidade Autónoma existen diferentes progra-

mas e actuacións dirixidas á atención de menores en situación de desprotección social e de prevención da violencia ou maltrato infantil. Segundo a Memoria da Conselleira de Política Social estes programas son os seguintes:

1.- Atención a menores en situación de desprotección social:

1.1.- Atención a menores en centros de protección: Este programa ten por finalidade prestar atención nunha institución a aqueles menores que, por distintas circunstancias sociofamiliares, necesitan ser separados temporalmente do seu núcleo familiar e para os que non é viable a utilización doutro recurso. A 31 de decembro de 2016 Galicia dispoñía de 4 centros de titularidade pública nos que se atenderon a 283 menores, 69 centros concertados dependentes e entidades colaboradoras de iniciativa social nos que se atenderon 1.341 menores.

1.2.- Acollemento familiar: O acollemento familiar pode definirse como aquel recurso de protección temporal e revogable, orientado ao coidado de menores que se atopan privados, aínda que sexa circunstancialmente, dunha axeitada atención e que consiste en confiar o coidado dun menor a unha persoa ou familia que reúna as condicións persoais, educativas e materiais necesarias para proporcionarlle unha vida familiar. O acollemento pode facerse na familia extensa o menor ou ben en familias alleas. Ademais o acollemento pode ser remunerado ou non, en función das circunstancias socioeconómicas e persoais do menor e acolledores e o tipo de acollemento. No ano 2016 rexistráronse 1.243 menores beneficiarios deste programa, 1.067 acollidos pola súa familia extensa e 176 por familias alleas.

1.3.- Adopción de menores: A finalidade deste programa é proporcionarlles aos menores en situación legal de seren adoptados, unha familia que satisfaga as súas necesidades afectivas, socioeducativas e de desenvolvemento persoas, facendo prevalecer o interese do menos sobre calquera outros. A adopción constitúe un acto xurídico mediante o que se establece unha relación de filiación entre os adoptantes e o/a menor, extinguíndose así os vínculos deste cos súa familias de orixe, e integrándose plenamente no seu novo núcleo familiar cunha equiparación plebe de dereitos cos familia biolóxica. En Galicia no ano 2016 presentáronse 116 solicitudes de adopción nacional e producíronse 26 autos de adopción nacional. No que respecta ás adopcións internacionais en 2016 presentáronse 77 solicitudes de adopción e producíronse 48 preasignacións de menores en adopción internacional.

1.4.- Programa Mentor: Recurso mediante o que proporciona información, formación e acompañamento á inserción dos menores tutelados, ou en garda pola Administración autonómica, co fin de que poidan conseguir unha inserción laboral e social plenamente independente. No ano 2016 a poboación sobre a que incidiu o programa estivo formada por 534 mozos e mozas cos que se desenvolveron accións encamiñadas a súa inserción laboral.

1.5.- Programa de Integración Familiar (PIF): Programa de intervención con menores e as súas familias, co obxecto de acadar unha convivencia normalizada no ámbito familiar mediante unha intervención educativa, terapéutica e asistencial. No ano 2016 foron atendidos 346 nenos e 175 familias.

1.6.- Programas “Na Rúa” e “Espabila”: O programa socieducativo “Na Rúa” está destinado a nenos e nenas, preferentemente adolescentes de 15 a 18 anos, e as súas familias. Ten como obxectivo xeral favorecer procesos de inserción social de menores e familias, a través dunha intervención socioeducativa e preventiva. Abarca diferentes contextos: persoal e grupal, familiar, escolar, prelaboral e sociocomunitario. No ano 2016 atendéronse neste programa a 64 menores.

O programa “Espabila” presta especial atención no tempo de ocio aos menores que se atopan en situación de risco ou desprotección social, ofrecéndolles a posibilidade de participar nas diversas actividades que promoven o desenvolvemento persoal e social. En 2016 foron atendidos 189 menores por este programa.

1.7.- Programa de avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco e desamparo: Este programa de colaboración entre a Consellería de Polí-

tica Social e a Fundación Universidade da Coruña inclúe o deseño e aplicación do tratamento terapéutico aos menores derivados polos equipos técnicos de menores. Beneficiáronse deste programa no ano 2016, 206 menores.

1.8.- Programa de intervención ambulatoria con adolescentes que teñan aberto expediente de protección e en conflito social: Este programa ten por obxecto a asistencia individualizada e especializada nos eidos psicolóxico e socio educativo dos menores que presentan perfís caracterizados por condutas disociais, comisión de delitos, consumo de drogas, fracaso, expulsión e/ou violencia escolar, pertenza a pandillas disociais, trastornos psicopatolóxicos, etc.. No ano 2016 asistiron 97 adolescentes ao dito programa.

1.9.- Teléfono da infancia (116111): Liña gratuíta de atención, apoio e escoita a menores, así como de denuncia de situacións de malos tratos á infancia. No ano 2016 atendéronse en Galicia 1.278 chamadas, das que o 49% estaban dirixidas a obter asesoramento ou información.

1.10.- Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI): O RUMI é un instrumento informático de rexistro e notificación de maltrato infantil destinado aos profesionais que simplifica e axiliza a actuación ante unha situación de risco para un/unha menor. O rexistro está actualmente a disposición de dous colectivos fundamentais, sos profesionais do ámbito educativo e os das forzas de orde pública. No ano 2016 rexistráronse 13 notificacións.

2.- Programas de execución de medidas xudiciais:

As medidas xudiciais que estiveron en execución durante o ano 2016 afectaron a un total de 619 menores maiores de catorce anos, a cifra máis baixa dende 2011, dos que o 79% son homes. Os tres delitos e faltas máis frecuentes cometidos polos menores que executaron medidas xudiciais en 2016 foron a violencia familiar, lesións e roubo con violencia e intimidación, no caso dos delitos, e no caso das faltas o furto as lesións e ameazas. ❑

4.3. Cobertura social

O crecemento económico e a cohesión social son variables que deben avanzar de xeito paralelo sobre a base de instrumentos de redistribución eficientes. O modelo de protección pública en España susténtase en distintos instrumentos de garantía de rendas, dentro dos que as prestacións do sistema da Seguridade Social teñen un papel preponderante.

A función de cohesión, de diminución das desigualdades e de protección social do Sistema é especialmente notorio en territorios como Galicia, cunha estrutura económica e demográfica onde as prestacións e subsidios sociais son a principal fonte de rendas de moitos fogares. Segundo a Enquisa estrutural a fogares do IGE en 2016 no 31% dos fogares galegos o 100% dos seus ingresos proviñan das prestacións; ademais para o 43% dos fogares galegos as prestacións representan máis da metade dos seus ingresos.

No ano 2017 en Galicia rexístranse 891.950 persoas beneficiarias de pensións contributivas, non contributivas e prestacións por desemprego, 6.600 menos que no ano anterior. Así, fronte ao incremento de 3.800 persoas beneficiarias de pensións contributivas, diminúen as de pensións non contributivas, con 1.200 menos, así como, un ano máis de xeito especialmente notable, os beneficiarios de prestacións por desemprego, cunha redución de 9.100 persoas.

Galicia no ano 2017 continúa sendo a segunda CCAA co importe medio das pensións contributivas máis baixo, con 777,71 €/mes, cun diferencial coa media estatal de 142,9 euros ao mes, dous euros máis que no ano anterior.

Ao longo do presente capítulo analízanse as prestacións económicas dos beneficiarios de pensións contributivas, non contributivas e prestacións por desemprego, tendo en conta que o Real Decreto 1079/2017, de 29 de decembro, sobre revalorización de pensións de clases pasivas, sobre revalorización das pensións do sistema da Seguridade Social e doutras prestacións sociais públicas para o exercicio 2018, fixan a revalorización do 0,25% das pensións tanto contributivas coma non contributivas do sistema da Seguridade Social.

Prestacións 2016-17: distribución segundo tipo de cobertura

	número		importe medio	
	2016	2017	2016	2017
Pensións contributivas	*(medias anuais, en miles)*		*(en € / mes)*	
Total	754,9	758,7	762,64	777,71
Incapacidade permanente	69,0	69,8	825,4	835,4
Xubilación	468,6	471,5	866,2	884,9
Viúvez	187,1	187,3	540,2	548,1
Orfandade e favor familiar	30,1	30,2	390,1	395,0
Pensións non contributivas				
Total	41,3	40,1		
Invalidez	15,6	15,2	394,8	396,8
Xubilación	25,7	24,9	355,4	358,4
LISMI	0,6		0,4	
Prestacións por desemprego *	*(datos a 31-12 , en miles)*			
Total	101,8	92,8		
Contributivas	44,5	40,8	793,5	792,5
Subsidios	45,6	40,2	426,0	426,0
Renta activa de inserción	11,0	9,4	426,0	426,0
programa de activación para o emprego	0,7	2,3	426,0	426,0
	(beneficiarios anuais)			
RISGA	10.761	10.371	434,07	439,78
AIS	2.879	2.623	1.127,20	1.131,80

(*) A contía media das prestacións asistenciais (subsidios, renda agraria, RAI e PAE), é do 80% do IPREM=426,00 euros (14,20 € x 30 días)

LISMI: Lei de integración social do minusválido

RISGA: Renda de integración social de Galicia

AIS: Axudas de inclusión social

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social e Consellería de Política Social.

4.3.1.

Pensións contributivas

As pensións contributivas son a principal partida de gasto do sistema da Seguridade Social. As pensións contributivas defínense como prestacións económicas, xeralmente de duración indefinida, cuxa concesión está supeditada normalmente a unha previa relación xurídica coa Seguridade Social, e cuxa contía ven determinada polas aportacións efectuadas por traballador e empresario, se se trata de traballadores por conta allea, durante o período considerado aos efectos da base reguladora da pensión de que se trate.

O número de pensións contributivas da Seguridade Social en Galicia, volve a medrar lixeiramente no ano 2017, para acadar as 758.700 pensións, un 0,5% máis que no ano anterior (1,1% de incremento medio no conxunto do Estado). O seu importe medio ascende a 777,7 euros ao mes, acadando só o 84,5% do importe medio estatal , o segundo máis baixo tras Estremadura. En relación ao ano anterior, o importe medio en Galicia medra un 2%, incremento similar á media española. O reducido importe medio das pensións contributivas en Galicia en relación á media estatal contrasta co peso que as prestacións contributivas galegas teñen no conxunto de España, xa que en Galicia localízanse o 8% do total de pensións contributivas do Estado, sendo a quinta Comunidade Autónoma por número deste tipo de pensións.

Dentro da acción protectora do Réxime Xeral e dos Réximes Especiais da Seguridade Social, nas pensión contributivas inclúense as pensións por xubilación, por incapacidade permanente, total, absoluta e gran invalidez, e as pensións por falecemento, viuvez, orfandade e en favor de familiares.

Dentro das pensións contributivas, tal como indica o


Pensións contributivas en Galicia e España 2016-17: distribución segundo clase

	Galicia			España			G / E	
	2016	2017	17/16	2016	2017	17/16	2016	2017
Totais								
número	754,9	758,7	0,5	9.409,2	9.514,8	1,1	8,0	8,0
importe medio	762,64	777,71	2,0	903,56	920,60	1,9	84,4	84,5
Incapacidade permanente								
número	69,0	69,8	1,2	938,34	947,13	0,9	7,4	7,4
importe medio	825,41	835,36	1,2	929,69	936,00	0,7	88,8	89,2
Xubilación								
número	468,6	471,5	0,6	5.732,0	5.826,1	1,6	8,2	8,1
importe medio	866,17	884,88	2,2	1.042,65	1.063,50	2,0	83,1	83,2
Viuvez								
número	187,1	187,3	0,1	2.358,7	2.360,4	0,1	7,9	7,9
importe medio	540,15	548,12	1,5	637,87	646,40	1,3	84,7	84,8
Orfandade e favor familiar								
número	30,1	30,2	0,3	380,2	381,2	0,3	7,9	7,9
importe medio	390,10	394,99	1,3	390,38	396,08	1,5	99,9	99,7

(1) o número de pensións está en miles; os importes medios, en euros/mes
Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Pensiones contributivas del sistema de la Seguridad Social*

4.3. 2.

Pensións contributivas 2008-17(1): distribución segundo clase de pensión




(1) medias anuais, en miles
Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Pensiones contributivas del sistema de la Seguridad Social*

4.3. 3.

cadro 4.3.2., as pensións de xubilación, co 62,1% do total, son as que acollen ao maior número de beneficiarios e o importe medio máis elevado. No ano 2017, o número de beneficiarios de pensións contributivas por xubilación en Galicia foi de 471.500 persoas, 2.900 persoas beneficiarias máis que no ano anterior, o que supón o 8,1% do total de beneficiarios estatais. O importe medio mensual foi de 884,9 euros, 178,6 euros menos que o importe medio do Estado, o que mantén a Galicia, xunto con Estremadura (877,2 euros), como as Comunidades co importe medio máis reducido de todo o Estado español.

A pensión de incapacidade permanente é unha prestación que trata de cubrir a perda de ingresos que sofre una persoa traballadora cando por enfermidade ou ac-

Importe medio das pensións contributivas 2008-17: distribución segundo clase de pensión



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Pensiones contributivas del sistema de la Seguridad Social*

4.3.4.

cidente se reduce ou anula a súa capacidade laboral; esta incapacidade permanente pode ser parcial, total, absoluta ou grande invalidez. No ano 2017 en Galicia rexístranse 69.800 pensións contributivas por incapacidade permanente, sendo as segundas en importancia en canto ao importe medio mensual, con 835,4 euros, en torno a 100 euros menos que o importe medio no Estado, as terceiras cun menor importe medio, só por detrás de Estremadura e Murcia.

As prestacións por morte e supervivencia (pensións por viuvez, orfandade e favor familiar) están destinadas a compensar a situación de necesidade económica que produce, para determinadas persoas, o falecemento doutras. No ano 2017, o número de beneficiarios de pensións contributivas de viuvez en Galicia ascendeu a 187.300 (o 7,9% do total estatal) e o seu importe medio mensual a 548,1 euros, un ano máis o máis reducido do conxunto do Estado, con 98 euros menos ao mes que a media. As pensións de orfandade e favor familiar rexistran 30.200 beneficiarios (o 7,9% do total de España) perciben de media 395 euros mensuais.

Por réximes de protección, aumentan as pensións procedentes do Réxime Xeral ata as 404.680 e diminúen as do Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA), acadando 263.412 pensións. O 53,3% do total de pensións en 2017 pertencen ao Réxime Xeral, un 2,2% máis que no ano anterior, fronte ao descenso do 1,6% no número de pensión do RETA que representa o 34,7% do total de pensións no ano 2017, a pesar do dito descenso, resulta destacable o peso das pensións do RETA en Galicia (34,7% do total), fronte ao conxunto do Estado, onde só representan o 20,5% do total.

As circunstancias de cotización e da carreira profesional do pensionista determinan a contía das pensións, cun máximo e mínimo fixado anualmente. No ano 2017, a pensión contributiva media do sistema en Galicia foi de 777,7 euros mensuais, o que supón un aumento do 2%. A pensión contributiva media en España foi de 920,6 euros mensuais.

O importe medio das pensións contributivas no réxime xeral foi de 912,5 €/mes (1.017,3 €/mes no conxunto do Estado) e de 554,9 €/mes no R.E de Autónomos (638,8 €/mes en España).

No réxime especial de traballadores do mar, o número de pensións ascendeu a 54.960 e o seu importe medio foi

Pensións contributivas en Galicia e España 2016-17: distribución segundo réxime (1)

	Total	Réxime xeral	R. E. de traballadores autónomos	R. E. de traballadores do mar	R.E. da minería do carbón	Accidentes de traballo	Enfermidades profesionais	SOVI (2)
Galicia								
número								
2016	754.873	395.792	267.592	55.012	1.574	18.073	2.868	13.961
2017	758.708	404.680	263.412	54.960	1.564	18.072	2.939	13.081
17/16	0,5	2,2	-1,6	-0,1	-0,7	0,0	2,5	-6,3
importe medio								
2016	762,64	897,58	547,87	873,87	1.266,18	855,96	1.022,26	384,61
2017	777,71	912,47	554,90	885,98	1.293,72	872,97	1.053,21	385,18
17/16	2,0	1,7	1,3	1,4	2,2	2,0	3,0	0,1
España								
número								
2016	9.409.174	6.681.550	1.939.198	128.999	66.084	206.443	38.016	348.885
2017	9.514.801	6.799.072	1.947.950	127.875	65.576	205.761	37.209	331.358
17/16	1,1	1,8	0,5	-0,9	-0,8	-0,3	-2,1	-5,0
importe medio								
2016	903,56	999,74	629,42	944,61	1.564,53	958,90	1.184,33	381,56
2017	920,60	1.017,33	638,82	956,38	1.595,87	973,80	1.195,34	381,08
17/16	1,9	1,8	1,5	1,2	2,0	1,6	0,9	-0,1
Galicia / España								
número								
2016	8,0	5,9	13,8	42,6	2,4	8,8	7,5	4,0
2017	8,0	6,0	13,5	43,0	2,4	8,8	7,9	3,9
importe medio								
2016	84,4	89,8	87,0	92,5	80,9	89,3	86,3	100,8
2017	84,5	89,7	86,9	92,6	81,1	89,6	88,1	101,1

(1) datos anuais; os datos do importe medio están en euros/mes
(2) Seguro obligatorio de vellez e invalidez
Fonte: Seguridad Social, *Estadística de pensiones*

4.3.5.

de 886 euros mensuais, salientando o feito de que o 43% do total estatal de pensións contributivas neste réxime están localizadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Réxime Especial de Traballadores Autónomos é especialmente importante en Galicia dado o peso que a afiliación a este réxime ten na Comunidade, en torno a un 19% do total, xunto con Baleares e Castela–A Mancha os máis elevados de todo o Estado. En paralelo ao elevado peso da afiliación, o importe medio das pensión do RETA en Galicia é 84 euros inferior á media do Estado. Así mesmo, no caso do réxime especial de traballadores do mar, o importe medio galego ascende aos devanditos 886 euros/mes, 70 euros por debaixo da media do Estado.

O incremento do 0,5% no total de pensións contributivas en Galicia no ano 2017, en relación ao ano anterior, (3.835 pensións contributivas máis), **cadro 4.3.5.**, é consecuencia do aumento das pensións do réxime xeral (8.887 pensións máis), incremento que compensa a caída de 4.180 pensións dentro do RETA.

Outras prestacións do sistema

Dentro deste apartado analizaremos outras prestacións económicas do sistema, tanto de carácter contributivo como non contributivo. Dentro das prestacións contributivas destacan as de incapacidade temporal e as asociadas ao nacemento e coidado de menores: maternidade, paternidade, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural, e coidado de menores afectados por cancro ou enfermidade grave. No que respecta ás prestacións económicas de carácter non contributivo, analízanse as pensións non contributivas de xubilación e viuvez, as prestacións sociais e econó-

Incapacidade temporal: continxencias comúns e continxencias profesionais 2016-17

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
2017						
Continxencias comúns (1)						
Nº de procesos en vigor ao final do período considerado	12.992	3.264	2.772	10.654	29.682	491.360
Duración media dos procesos con alta	60,0	76,9	66,6	63,8	63,6	39,0
Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos	17,5	14,2	15,1	17,4	16,9	22,8
Continxencias profesionais						
Nº de procesos en vigor ao final do período considerado	1.821	619	465	1.571	4.476	59.891
Duración media dos procesos con alta	49,3	65,6	48,0	48,2	50,4	37,3
Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos	3,4	2,9	3,5	3,7	3,5	3,5
2016						
	A Coruña	**Lugo**	**Ourense**	**Pontevedra**	**Galicia**	**España**
Continxencias comúns (1)						
Nº de procesos en vigor ao final do período considerado	12.271	2.972	2.642	9.701	27.586	444.116
Duración media dos procesos con alta	57,7	72,5	62,5	64,4	61,9	38,5
Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos	17,0	13,3	14,7	16,2	16,1	21,5
Continxencias profesionais						
Nº de procesos en vigor ao final do período considerado	1.886	559	396	1.489	4.330	57.356
Duración media dos procesos con alta	50,3	63,8	48,6	49,0	51,0	36,7
Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos	3,3	2,8	3,2	3,7	3,4	3,4
17/16						
				(%)		
Continxencias comúns (1)	5,9	9,8	4,9	9,8	7,6	10,6
Continxencias profesionais	- 3,4	10,7	17,4	5,5	3,4	4,4

(1) Agás autónomos
Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

4.3.6.

micas derivadas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (LISMI) e as prestacións familiares.

A incapacidade temporal é un subsidio que cubre a perda de rendas no período no que o traballador está incapacitado para traballar por enfermidade común ou accidente non laboral, enfermidade profesional ou accidente laboral, e recibe asistencia sanitaria na Seguridade Social (**cadro 4.3.6.**). Un ano máis, o incremento no nivel de ocupación leva aparellado un incremento no número de procesos por incapacidade temporal en vigor; así a finais de 2017 o número de procesos en vigor era de 34.158, dos que o 87% era por continxencias comúns. A duración media dos procesos con alta é de 63,6 días para as continxencias comúns e de 50,4 días para as continxencias profesionais.

Do total de traballadores en alta protexidos por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns en Galicia, **cadro 4.3.7.**, un 67% está cuberto por mutuas, un 30% polo INSS e un 3% polo ISM; a nivel estatal estas porcentaxes son respectivamente do 70%, 29% e 0,1%. No que respecta ás continxencias profesionais, a porcentaxe de traballadores cubertos por mutuas ascende ata o 89,7% en Galicia e ata o 94,6% de media no Estado.

No que respecta ás prestacións e axudas no ámbito da familia e a infancia, destacan as seguintes, tal como se observa no **cadro 4.3.8.**:

Traballadores protexidos por incapacidade temporal 2017 (1)

	Continxencias comúns		Continxencias profesionais	
	Galicia	España	Galicia	España
Total Sistema	807.586	15.799.992	818.415	15.470.799
INSS	244.731	4.615.638	72.933	823.188
ISM	19.469	45.630	11.136	15.191
Mutuas Colaboradoras	543.386	11.138.724	734.346	14.632.420

(1) Finais do período considerado
Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

4.3. 7.

Prestacións relacionadas co nacemento e os cuidados de primeira infancia 2017(1)

	Galicia	España	G/E (%)
Prestación de maternidade (INSS)			
Nº de procesos	13.885	268.328	5,2
Percibidos pola nai	13.592	263.398	5,2
Percibidos polo pai	293	4.930	5,9
Prestación de paternidade (INSS)			
Nº de procesos	12.972	264.632	4,9
Risco durante o embarazo			
Nº medio mensual de procesos iniciados	377	6.856	5,5
Número de procesos en vigor ao final do período	1.128	21.271	5,3
Risco durante a lactancia natural			
Nº medio mensual de procesos iniciados	5	69	7,2
Número de procesos en vigor ao final do período	30	422	7,1
Coidado de menores afectados polo cangro ou enfermidade grave			
Nº medio mensual de procesos iniciados	114	2.642	4,3
Número de procesos en vigor ao final do período	207	4.263	4,9

(1) acumulado a decembro
Fonte: Seguridad Social

4.3. 8.

– Prestacións de maternidade: As prestacións económicas por maternidade tratan de cubrir a perda de rendas do traballo ou de ingresos que sofren os traballadores, por conta allea ou por conta propia, cando se lles suspende o seu contrato ou se lles interrompe a súa actividade para gozar dos períodos de descanso por maternidade, adopción e acollemento legalmente establecidos. Ao longo do ano 2017 concedéronse 13.885 prestacións de maternidade, 637 menos que no ano anterior, das que 13.592 serían percibidas pola nai e as restantes 293, un 2,1% do total, polo pai, porcentaxe superior á media estatal (1,8%).

– Prestacións de paternidade: Esta prestación económica protexe o dereito do outro proxenitor, distinto ao que xera o dereito á prestación de maternidade, a percibir un subsidio durante os días de suspensión do contrato de traballo no caso de nacemento de fillo, adopción ou acollemento. O número de prestacións de paternidade concedidas aumenta de novo en 2017 en Galicia, situándose en 12.972 prestacións, 1.153 máis que no ano precedente, o que representa o 4,9% das prestacións en España.

– Prestacións por risco durante o embarazo: O seu obxectivo é cubrir a perda de ingresos que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante o em-

Beneficiarios de prestacións non contributivas nas CC.AA. 2016-17 (1)

	Total			Invalidez			Xubilación		
	2016	2017	17/16 (%)	2016	2017	17/16 (%)	2016	2017	17/16 (%)
Andalucía	101.669	101.173	-0,5	46.021	45.783	-0,5	55.648	55.390	-0,5
Aragón	7.515	7.402	-1,5	2.822	2.736	-3,0	4.693	4.666	-0,6
Asturias	9.138	9.038	-1,1	4.365	4.271	-2,2	4.773	4.768	-0,1
Baleares	7.929	7.938	0,1	3.149	3.103	-1,5	4.780	4.836	1,2
Canarias	43.869	43.704	-0,4	19.985	19.779	-1,0	23.884	23.926	0,2
Cantabria	6.896	7.010	1,7	3.484	3.519	1,0	3.412	3.491	2,3
Castela-A Mancha	19.497	19.645	0,8	9.295	9.298	0,0	10.202	10.347	1,4
Castela e León	22.051	21.966	-0,4	9.746	9.682	-0,7	12.305	12.284	-0,2
Cataluña	58.400	58.854	0,8	26.530	26.614	0,3	31.870	32.239	1,2
C. Valenciana	48.394	48.921	1,1	19.316	19.102	-1,1	29.077	29.819	2,6
Estremadura	13.959	13.575	-2,8	5.829	5.705	-2,1	8.129	7.871	-3,2
Galicia	41.277	40.098	-2,9	15.603	15.236	-2,4	25.674	24.862	-3,2
Madrid	38.415	39.989	4,1	15.202	15.675	3,1	23.213	24.314	4,7
Murcia	14.954	15.128	1,2	7.849	7.943	1,2	7.106	7.184	1,1
Navarra	2.686	2.678	-0,3	985	998	1,3	1.702	1.680	-1,3
País Vasco	11.298	11.586	2,5	6.247	6.314	1,1	5.051	5.273	4,4
A Rioxa	1.865	1.893	1,5	787	785	-0,3	1.079	1.108	2,7
Ceuta e Melilla	4.692	4.706	0,3	2.547	2.577	1,2	2.145	2.130	-0,7
Total	454.504	455.304	0,2	199.762	199.120	-0,3	254.743	256.188	0,6
G/E *(%)*	9,1	8,8		7,8	7,7		10,1	9,7	

(1) medias anuais
Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Prestaciones no contributivas*

4.3. 9.


barazo, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible co seu estado, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificados. No ano 2017 descende o número de procesos en vigor, tanto no que respecta ás traballadoras por conta allea (1.052 no último ano) como no caso das traballadoras por conta propia (76). Pola contra, a duración media dos procesos finalizados, aumenta no caso das traballadoras por conta allea, acadando unha duración próxima aos 97 días de media, e redúcese nos procesos de traballadoras por conta propia ata os 72,6 días de media.

– Prestacións por risco durante a lactación natural: Esta prestación económica trata de cubrir a perda de ingresos que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante a lactación natural dun menor de 9 meses, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible coa súa situación, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificados. O número de procesos en vigor para traballadoras en Galicia foi de 30 procesos, cunha duración dos procesos finalizados de 143,3 días para as traballadoras por conta allea e de 162,3 días para as por conta propia.

– Prestacións por coidado de menores afectados polo cancro ou enfermidade grave: A efectos da prestación por coidado de menores afectados por cancro u outra enfermidade grave, considérase situación protexida a redución da xornada de traballo que leven a cabo as persoas proxenitoras, adoptantes e acolledoras de carácter familiar preadoptivo ou permanente, cando ambas traballen, para o coidado do menor o seu cargo afectado por cancro u outra enfermidade grave. O número de procesos en vigor a final de 2017 en Galicia era de 207, o 4,9% do total estatal.

As **pensións non contributivas** aseguran a todos os cidadáns unha prestación económica, asistencia médico-farmacéutica gratuíta e servizos sociais comple-

Promedio mensual das pensións non contributivas 2008-17: distribución segundo clase de pensión (1)



(1) medias anuais, en euros
Fonte: IMSERSO, *Pensiones no contributivas de jubilación e invalidez*

4.3.10.

mentarios, aínda que non teñan cotizado ou o teñan feito de xeito insuficiente para ter dereito a unha pensión contributiva.

En 2017 segue a tendencia de redución no número de beneficiarios de prestacións non contributivas en Galicia (**cadro 4.3.9.**), a diferenza do acontecido no conxunto do Estado. Tras unha caída do 2,9% respecto ao ano anterior, o número total de beneficiarios sitúase nos 40.098 (o 8,8% do total de persoas beneficiarias en España) continuando no quinto posto entre as comunidades con máis pensións, por detrás de Andalucía, Cataluña, C. Valenciana e Canarias.

O descenso no número de beneficiarios, afecta tanto as pensións de invalidez como de xubilación. O 62% do total de beneficiarios de pensións non contributivas en Galicia, teñen unha pensión de xubilación e o restante 38%, de invalidez. O importe medio mensual das pensións non contributivas é de 358,3 euros para as pensións por xubilación e de 396,8 euros para as pensións por invalidez (**cadro 4.3.10.**).

As pensións asistenciais que son axudas económicas individualizadas de carácter periódico que poden darse por enfermidade ou por vellez, contan no ano 2017 só con 8 persoas beneficiarias en Galicia, todos eles por enfermidade.

No concernente ás prestacións sociais e económicas para aquelas persoas con discapacidade que, por non desenvolver unha actividade laboral, non están incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social, o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, contempla os subsidios de garantía de ingresos mínimos (SGIM), subsidios por axuda de terceira persoa (SATP) e subsidios de mobilidade e compensación por gastos de transporte (SMGT) (**cadro 4.3.11.**).

Estas prestacións descenden de xeito continuo nos últimos anos, tendencia que no ano 2017 reflíctese nunha caída do 28,6% en relación ao ano anterior, a maior caída en termos relativos de todo o Estado. O número de beneficiarios de prestacións sociais e económicas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (Lismi) foi en Galicia de 405 persoas.

No que respecta ás prestacións familiares, estas inclúen as asignacións de pago periódico por fillo ou menor acollido a cargo e as prestacións de pago único

Prestacións sociais e económicas da LISMI nas CC.AA. 2016-17(1)

	2016	2017	17/16
			(%)
Andalucía	2.829	2.483	-12,2
Aragón	416	377	-9,4
Asturias	597	524	-12,2
Baleares	105	93	-11,4
Canarias	190	159	-16,3
Cantabria	542	511	-5,7
Castela-A Mancha	2.211	2.115	-4,3
Castela e León	2.024	1.845	-8,8
Cataluña	837	752	-10,2
C. Valenciana	1.587	1.450	-8,6
Estremadura	746	520	-30,3
Galicia	567	405	-28,6
Madrid	1.342	1.259	-6,2
Murcia	2.321	2.088	-10,0
Navarra	-	-	-
País Vasco	-	-	-
A Rioxa	81	70	-13,6
Ceuta e Melilla	508	447	-12,0
Total	16.903	15.098	-10,7
G/E *(%)*	3,4	2,7	

LISMI: Lei de integración social do minusválido

(1) número de beneficiarios, medias anuais

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Prestaciones no contributivas*

4.3. 11.

Beneficiarios de prestacións familiares por nacemento ou adopción de fillo 2016-17

2016

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Total	755	309	118	48	280	26.927
familias numerosas	458	180	75	28	175	20.000
familias monoparentais	279	122	42	19	96	6.644
familias con nais discapacitadas	18	7	1	1	9	283

2017

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Total	764	291	120	99	254	26.181
familias numerosas	471	175	81	62	153	19.923
familias monoparentais	278	112	38	36	92	6.015
familias con nais discapacitadas	15	4	1	1	9	243

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

4.3. 12.

Prestacións por desemprego e paro rexistrado en Galicia e España 2016-17 (1)

		2016		2017	
		Galicia	España	Galicia	España
Beneficiarios totais		101.803	1.984.376	92.752	1.894.209
prestación contributiva		44.506	780.074	40.804	768.928
subsidio		45.574	850.764	40.214	775.652
renta activa de inserción		11.010	217.044	9.406	182.819
subsidio eventuales agrarios		-	115.926	-	111.330
programa de activación para o emprego		713	20.568	2.328	55.480
Paro rexistrado	*(en medias anuais)*	212.558	3.868.898	194.428	3.507.743
Paro rexistrado sen emprego anterior	*(en medias anuais)*	16.428	309.409	15.501	292.320
Taxas cobertura (2)					
total		51,89	54,43	51,84	56,94

(1) datos a 31 de decembro de cada ano
(2) indicador da taxa de cobertura se calcula a partir da seguinte fórmula:
beneficiarios prestacións / (paro rexistrado con experiencia laboral +beneficiarios subsidios agrarios)
(paro rexistrado con experiencia laboral = paro rexistrado-paro rexistrado sen emprego anterior)

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do Ministerio de Empleo y Seguridad Social

4.3.13.

por nacemento ou adopción de fillo en caso de familias numerosas, monoparentais ou en casos de nais discapacitadas.

As prestacións de pago único por nacemento ou adopción de fillo, nos supostos de familias numerosas, monoparentais e nos casos de nais con discapacidade, esixen, na maioría dos casos, acreditar un límite de ingresos. Esta prestación abóase nun pago único cunha contía de 1.000 euros, sempre que os ingresos do beneficiario non rebasen os límites establecidos para cada caso. O **cadro 4.3.12.**, mostra que en Galicia no ano 2017 hai 764 beneficiarios deste tipo de prestacións de pago único, dos que o 62% pertencen a familias numerosas.

Outra modalidade, neste caso con carácter de pago periódico, son as prestación non contributivas a familias con fillos con discapacidade. En decembro de 2017 en Galicia había 15.170 causantes, dos que 10.386 teñen unha discapacidade maior ao 65% e 4.784 persoas unha discapacidade maior ao 75%.

Prestacións por desemprego

En 2017 redúcese o número de beneficiarios de prestacións por desemprego, cunha caída do 8,9% en relación ao ano anterior en Galicia e do 4,5% no conxunto do Estado. A pesar da redución no número de persoas desempregadas, a taxa de cobertura mantense estable en relación ao ano anterior en torno ao 51,8%.


En Galicia rexístranse 92.752 persoas beneficiarias de prestacións por desemprego, o 4,9% do total do Estado (**cadro 4.3.13.**).

A caída de beneficiarios prodúcese tanto no número de perceptores de prestacións contributivas como de subsidios ou da renda activa de inserción. Fronte aos ditos descensos, no ano 2017, increméntase notablemente o número de beneficiarios do programa de activación para o emprego destinados a persoas desempregadas de longa duración e que ten unha duración máxima de seis meses para cada beneficiario, que pasa de 713 no ano 2016 a 2.328 persoas que se benefician deste programa en 2017.

O 44% dos beneficiarios da prestación por desemprego teñen dereito a prestación contributiva e o 43,3% a subsidio, fronte ao 43,7% e 44,8%, respectivamente, do exercicio anterior. No ano 2017 rexístranse máis beneficiarios de prestacións contributivas que de subsidios, por primeira vez dende 2014.

Un ano máis o maior descenso, tanto en termos absolutos como relativos, prodúcese entre os beneficiarios de subsidios (11,8% menos, 5.360 beneficiarios

Prestacións por desemprego, paro rexistrado e taxa de cobertura 2008-17 (1)



(1) Taxas de variación interanual. Datos a 31 de decembro de cada ano.
Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do Ministerio de Empleo y Seguridad Social

4.3.14.

menos), ata acadar os 40.214 beneficiarios. Os beneficiarios de prestacións contributivas tamén caeron un 8,3%, ata acadar os 40.804 beneficiarios. O importe medio das prestacións contributivas cae ata os 792,5 euros mensuais, un euro menos que no ano anterior.

En 2017, tal como acontecera no ano anterior, nas catro provincias galegas diminúe o número de beneficiarios de prestacións por desemprego, sexan contributivas, subsidios, da renda activa de inserción e increméntase o número de beneficiarios do programa de activación de emprego. O descenso do número de beneficiarios de prestacións contributivas por desemprego acadan porcentaxes en torno ao 7% nas provincias de Ourense, Lugo e Pontevedra e é do 6,7% na provincia de A Coruña. As catro provincias presentan un importe medio das prestacións contributivas inferior á media estatal, sendo salientable o descenso do importe medio no último ano nas provincias de A Coruña e Pontevedra, fronte ao incremento en Ourense e o mantemento na provincia de Lugo.

O 4% dos beneficiarios das prestacións por desemprego en Galicia son estranxeiros, porcentaxe moi inferior á do conxunto do Estado que se sitúa no 10,6%. No último ano, un total 3.715 beneficiarios son de nacionalidade estranxeira, o 1,8% do total estatal, dos que 2.106 pertencen a países non comunitarios e os restantes 1.609 son comunitarios.

Un dos principais indicadores para medir o alcance do sistema de protección é a taxa de cobertura, definida como a porcentaxe de parados con experiencia laboral que son beneficiarios dalgún tipo de prestación por desemprego. No ano 2017, tal como se observa no **gráfico 4.3.14.**, en Galicia, a taxa de cobertura estabilízase no

Risga e Axudas de Inclusión Social 2016/17: beneficiarios e pagos

Risga (1)

	beneficiarios		importes medios	
	2016	2017	2016	2017
Total	10.761	10.371	434,07	439,78
A Coruña	3.090	2.948	446,58	451,73
Lugo	1.335	1.294	441,56	445,71
Ourense	1.448	1.295	438,02	446,42
Pontevedra	4.888	4.834	422,93	429,12

AIS (2)

	axudas concedidas		importes medios	
	2016	2017	2016	2017
Total	2.879	2.623	1.127,20	1.131,80
A Coruña	564	586	1.180,49	1.151,76
Lugo	419	377	1.267,26	1.280,36
Ourense	714	594	1.271,60	1.264,40
Pontevedra	1.182	1.066	964,89	994,39

(1) beneficiarios a 31 de decembro de cada ano e importe dos pagos totais líquidos no mes de decembro de cada ano
(2) axudas anuais concedidas e media anual das coantías das axudas
Fonte: Consellería de Política Social

4.3. 15.

Risga e Axudas de Inclusión Social 2016-17: solicitudes

	2016			2017		
	Total	Risga	AIS	Total	Risga	AIS
Solicitudes a resolver	13.734	8.031	5.703	12.951	7.155	5.796
presentadas no ano	11.079	6.804	4.275	10.701	6.039	4.662
pendentes do ano anterior	2.655	1.227	1.428	2.250	1.116	1.134
Solicitudes resoltas	11.484	6.915	4.569	10.284	5.936	4.348
estimadas	7.234	4.355	2.879	6.165	3.542	2.623
desestimadas e/ou arquivadas	4.250	2.560	1.690	4.119	2.394	1.725
Solicitudes present. / resoltas *(%)*	83,6	86,1	80,1	79,4	83,0	75,0

Fonte: Consellería de Política Social

4.3. 16.

51,8% no mesmo nivel que no ano anterior aínda que en torno a 30 puntos porcentuais inferior á taxa existente antes da crise económica.

Renda mínima de inserción

A renda de inclusión social de Galicia (Risga) é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber de participar en procesos personalizados de inserción con apoio técnico e financeiro do Sistema galego de servizos sociais e do Sistema público de emprego de Galicia (Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia).

A 31 de decembro de 2017 en Galicia estaban rexistradas 10.371 persoas beneficiarias da Risga, un 3,6% de descenso en relación ao ano anterior, 390 beneficiarios menos. A contía básica para un titular é do 75% del IPREM, cun límite máximo para 7 convivintes, do 120%

Dereitos laborais e económicos das mulleres vítimas de violencia

	Galicia	España	Galicia / España	Galicia 16/15
			(%)	(%)
Contratos bonificados	54	808	6,7	45,9
Contratos de sustitución	29	384	7,6	20,8
Vítimas perceptoras da Renda Activa de Inserción				
2009	794	22.010	3,6	
2010	921	25.512	3,6	
2011	1.016	29.065	3,5	
2012	1.063	30.065	3,5	
2013	1.197	32.596	3,7	
2014	1.311	34.550	3,8	
2015	1.303	34.686	3,8	
2016	1.331	33.553	4,0	
2017	1.213	31.398	3,9	
Axudas para cambio de residencia	144	3.491	4,1	-12,2

Fonte: *Delegación del Gobierno para la Violencia de Género*

4.3.17.

do IPREM no caso de non existir menores e do 135% con menores. A duración da percepción desta renda é de 12 meses.

Tal como se observa no **cadro 4.3.15.**, o descenso no número de beneficiarios estendeuse ás catro provincias galegas, destacando caídas por riba da media galega nas provincias de Ourense (10,6% menos) e na Coruña (4,6% máis). O importe medio ascendeu a 439,8 euros mensuais, 5,7 euros máis que en 2016.

Xunto co descenso no número de beneficiarios, no ano 2017 tamén se reducen o número de solicitudes presentadas, neste senso, das 7.155 solicitudes para percibir a Risga no ano 2017, 6.039 solicitudes foron presentadas no mesmo ano, e 1.116 eran solicitudes pendentes do ano anterior. O **cadro 4.3.16.** mostra como das ditas 7.155 solicitudes presentadas, resolvéronse 5.936, das que 33.542 foron estimadas, o 59,7% do total.

As axudas de inclusión social, tamén reguladas na citada Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, son prestacións económicas non periódicas que teñen como finalidade posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social das persoas ou familias afectadas, así como atender as situación de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que poidan desencadear un proceso de exclusión social. As axudas de inclusión social están destinadas a sufragar gastos extraordinarios e urxentes e, se é o caso, a financiar actuacións de acompañamento ou reforzo de carácter excepcional vinculadas ás medidas de apoio dos diferentes tramos da renda de inclusión social de Galicia.

As axudas de Inclusión Social concedidas no ano 2017 foron 2.623, un 8,9% menos que no ano anterior, cun importe medio de 1.131,8 euros ao mes. ❑

4.4. Medio ambiente e desenvolvemento sostible

Na última década o medio ambiente sitúase na primeira liña de aspectos a abordar nas distintas políticas públicas. Ante esta problemática artéllase unha resposta conxunta plasmada na aprobación no ano 2015 do Acordo de París sobre cambio climático e a Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible.

Os acordos internacionais obrigan aos países e rexións a dotarse dun marco político e normativo propio e dos recursos orzamentarios suficientes para facelo efectivo.

A análise do medio ambiente neste capítulo céntrase nos aspectos relacionados co cambio climático, a natureza e biodiversidade e a recollida de residuos sólidos.

Cambio climático

Os avances e esforzos no contexto internacional para paliar o cambio climático vense freados pola non asunción por parte dos EEUU das medidas aprobadas no Acordo de París. A pesar do posicionamento dos EEUU, os avances a nivel internacional son destacables, o que contrasta pola escasa relevancia das iniciativas postas en funcionamento en España, onde as reducións das emisións á atmosfera de CO_2 parecen responder ás variacións na actividade económica.

O Acordo de París para limitar o quecemento global ten seguintes obxectivos principais:

– Obxectivo a longo prazo: os gobernos acordaron manter o incremento da temperatura media mundial moi por debaixo de 2ºC con respecto aos niveis preindustriais e redobrar os esforzos para limitalo a 1,5ºC.

– Contribucións: Os países presentaron plans xerais nacionais de acción contra o cambio climático para reducir as súas emisións.

– Ambición: Os gobernos acordaron comunicar cada cinco anos as súas contribucións para fixar obxectivos máis ambiciosos.

– Transparencia: Os gobernos informarán sobre o grao de cumprimento dos obxectivos.

– Solidariedade: Os países desenvolvidos financiarán a loita contra o cambio climático para axudar aos países en vía de desenvolvemento tanto para reducir emisións como para aumentar a resiliencia ante os efectos do cambio climático.

Estratexia 2020: indicadores de crecemento sostible de España

	unidades	período	España	Unión Europea		
				media	dato mínimo	dato máximo
Cambio climático e enerxía						
Cambio en emisións de GEI fora do RCCDE (1)	*(% cambio)*	2005-12	-15,6	..	-22,4	12,9
obxectivo nacional EU 2020	*(%)*	2020	-10,0	..	-20,0	20,0
obxectivo proposto (negativo = reducción mínima, positivo = incremento máximo)	*(puntos %)*	2012-20	5,6	..	-14,7	31,4
Enerxías renovables no consumo final bruto de enerxía		2015	16,2	16,7	5,0	70,2
obxectivo nacional EU 2020	*(% / enerxía consumida)*	2020	20,0	20,0	10,0	49,0
incremento necesario para acadar o obxectivo proposto		2015-20	3,8	3,3	5,0	
cambio na taxa	*(variación de puntos %)*	2007-13	5,7	5,0	0,9	10,3
Potencial de enerxía eólica	*(horas totais de carga / ano)*	2000-05	652,8	..	457,1	3186,7
Recursos de enerxía solar	*(media de recursos de enerxía solar en KWh/ano)*	-	1819,9	..	1053,0	2001,0
Medio ambiente						
Poboación conectada a plantas de tratamento de augas residuais	*(% / poboación total)*	2010	96,0	..	30,0	100,0
Concentración de partículas finas (PM10) a nivel superficial	*(concentración media anual (µg/m3)*	2011	18,2	22,3	9,6	33,8
Exceso de concentracións de ozono	*(media anual número de días con exceso)*	2011	110,9	111,4	85,3	131,9
Cumprimento da directiva UE sobre habitats	*(% cumprimento das propostas)*	2012	92,0	..	44,0	100,0

(1) Réxime de Comercio de Dereitos de Emisión

Fonte: *"Country profile key indicators" mayo 2015.* Comisión Europea

4.4.1.

En setembro de 2015 no marco das Nacións Unidas apróbanse os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), que establecen propósitos en tres dimensións, o desenvolvemento económico, a inclusión social e a sostenibilidade ambiental. O último informe presentado en 2017 sobre o cumprimento dos ODS, incorpora 83 indicadores que permiten medir a evolucións de cada un dos obxectivos. Este informe sitúa a España no posto 25 dos 157 países analizados, acadando os peores resultados na conservación do medio ambiente, en concreto nos indicados dedicados ao mar e á biodiversidade, ou ás emisións de gases de efecto invernadoiro.


A causa principal do quecemento global é o efecto invernadoiro, que está causado polos denominados gases de efecto invernadoiro (GEI). A nivel europeo, a Estratexia Europa 2020 sinala como obxectivos de sostenibilidade os de acadar no ano 2020, unha redución das emisións de gases efecto invernadoiro do 20% en comparación cos niveis de 1990, incrementar a porcentaxe de enerxías renovables sobre o consumo final de enerxía e aumentar nun 20% a eficiencia enerxética.

A nivel do Estado Español, o Programa Nacional de Reformas de 2016 establece unha serie de medidas para acadar os obxectivos nacionais da Estratexia Europa 2020 (**cadro 4.4.1.**), no ámbito do cambio climático e a sostenibilidade enerxética. En concreto en relación ás emisións de GEI, adóptanse medidas de redución de emisións no ámbito dos sectores difusos (sector transporte, sector residencial, comercial e institucional, sector agrario, sector residuos e gases fluorados), non difusos e tamén medidas de carácter horizontal. Nestas medidas as instalacións poden comprar, recibir gratuitamente, ou negociar dereitos de emisións, de xeito que cada dereito de emisión equivale ao dereito a emitir unha tonelada de dióxido de carbono equivalente.

En canto aos sectores difusos, impleméntase a Folla de Ruta dos Sectores Difusos a 2020, e no que respecta aos sectores non difusos, continúa a aplicación da terceira fase do réxime de comercio de dereitos de emisión, en virtude do que se poxa a metade dos dereitos de emisión e os dereitos restantes se asignan de xeito gratuíto. Finalmente, no que respectas ás medidas de carácter horizontal, proséguese coa implantación do Plan Nacional de Adaptación ao Cambio Climático.

No que respecta á participación das enerxías renovables no consumo final de enerxía, España asume o obxectivo de acadar no ano 2020 un grao de penetración

Índice de emisións de CO2 equivalentes en Galicia e España 1990-2016 (1)



(1) 1990 = 100
Fonte: Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, *Inventario Nacional de Emisiones de Contaminantes a la Atmósfera*

4.4.2.

das enerxías renovables sobre o consumo final bruto de enerxía do 20%. Por último, respecto ao obxectivo de eficiencia enerxética, o Plan Nacional de Eficiencia Enerxética 2014-2020 recolle o obxectivo de consumo de enerxía primaria en 2020 de 119,9Mtep, en consonancia co obxectivo da UE 2020.


A redución das emisión de GEI en Galicia sitúa as emisión en 2016 nun 95% das existentes en 1990, aproximando a consecución do obxectivo fixado na Estratexia Europea 2020 para un crecemento intelixente, sostible e integrador de situar nese ano as emisións de gases efecto invernadoiro nun 92% respecto ás de 1990 e reducir as emisións entre 1990 y 2020 nun 20%.

Atendendo aos datos facilitados polo Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, Galicia emitiu no ano 2016 un total de 27.935 toneladas equivalentes de CO2, o que supón un descendo do 4,2% respecto do ano anterior e 1.372 toneladas menos que no ano base de 1990. Galicia é a terceira Comunidade Autónoma que máis reduciu as súas emisión de gases de efecto invernadoiro respecto do ano 1990.

Os últimos datos de emisións desagregados do ano 2015, mostran como os incrementos de emisións do ano 2015, en relación ao ano anterior, foron motivados por emisións asociadas ás industrias do sector enerxético e á categoría de "outros sectores" que engloba, entre outros, ao sector residencial e comercial, incrementando as súas emisións nun 14,2% e un 17,1% respectivamente. Outros sectores que tamén incrementaron as súas emisións aínda que de xeito máis moderado, foron o sector transporte (1,9% máis) e a agricultura (1,3% máis). Pola contra prodúcense descensos nas emisións nos sectores asociadas á produción industrial e ao tratamento e eliminación de residuos (**cadro 4.4.3.**).

Os datos proporcionados polo informe de emisións GEI en Galicia (1990-2015) da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio destaca que das 28,8 Mt CO2 equivalente emitidos en Galicia durante 2015, 15,37 Mt (o 53,3%), proveñen de instalacións sometidas ao comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro (sector directiva), correspondendo o 46,7% restante aos definidos como sectores difusos (**cadro 4.4.4.**). O comportamento do sector directiva e do sector difuso foi moi diferente no último ano, mentres que as emisións asociadas ao réxime de comercio de dereitos de emisión creceron un 11,3%, respecto do 2014, as emisións dos sectores difusos apenas sufriron


Emisións á atmósfera GEI 1990-2015: distribución segundo sector de actividade



Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, *Informes de cambio climático*

4.4.3.

Emisións á atmósfera 2016: distribución segundo sector



(1) o sector difuso é o non regulado pola Directiva 2003/87/CE pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro
Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, *Informe emisións GEI en Galicia*

4.4.4.

variación, experimentando un lixeiro aumento do 0,01%.

Os datos das inscricións das emisións e entrega de dereitos de emisións das instalacións suxeitas á aplicación da Lei 1/2005 (**cadro 4.4.5.**), mostran que no período de notificación de 2016, o volume total de emisións declaradas polas 48 instalacións afectadas pola devandita lei (as mesmas que no ano anterior) ascendeu a 16,1 millóns de toneladas de CO_2, o que supón un crecemento de case dous millóns de t CO_2 eq, en relación ao ano anterior. O 69% das emisións totais declaradas corresponden ao sector da xeración de enerxía eléctrica, por diante do sector do refino e produción de hidróxeno e da produción de aluminio, co 8,2% e o 8,1% das emisións, respectivamente.

Os datos do Rexistro estatal de emisións e fontes con-

Emisións de CO_2 2017

	Instalacións	Emisións		
		asignadas	declaradas	
			2017	17/16
		(t CO_2 eq)	(t CO_2 eq)	
Produción enerxía eléctrica	4	-	11.176.867	1.781.585
Coxeración-combustión	27	465.490	1.180.990	2.767
Refino e produción de H2	2	979.324	1.325.534	-55.086
Produción de aceiro e ferroaleacións	5	542.664	535.047	3.328
Produción de aluminio	3	1.162.688	1.309.303	47.276
Produción de cemento, cal ou magnesita	2	100.924	305.053	185.911
Fabricación cerámica	1	6.034	4.809	-2.989
Produción papel	2	56.268	115.809	-8.071
Fabricación produtos químicos orgánicos	2	72.133	143.596	1.782
Total	48	3.385.525	16.097.008	1.956.503

Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

4.4. 5.

Emisións contaminantes nas CC.AA. 2016: actividades e complexos contaminantes (1)

	actividades industriais	complexos industriais
Andalucía	32	300
Aragón	22	251
Asturias	21	37
Baleares	7	13
Canarias	8	23
Cantabria	20	19
Castela e León	28	498
Castela-A Mancha	23	222
Cataluña	43	893
C. Valenciana	23	182
Estremadura	6	10
Galicia	30	114
Madrid	15	45
Murcia	13	138
Navarra	17	107
País Vasco	24	74
A Rioxa	9	21
Melilla	1	1
Total	342	2.948

(1) complexos que teñen datos de información pública

Fonte: Ministerio de Agricultura, Medio Ambiente y Alimentación, *Registro Estatal de Emisiones y Fuentes Contaminantes*

4.4. 6.

Gastos das empresas en protección ambiental en Galicia e España 2008-15 (1)

	España				Galicia			
	2008	2013	2014	2015	2008	2013	2014	2015
	(en millóns de euros)							
Total CNAE B, C e D	3.129,4	2.311,9	2.400,2	2.373,6	339,2	165,9	172,4	147,0
Investimento total	1.533,8	556,1	554,3	547,1	245,6	47,8	53,8	38,4
Equipos e instalacións independentes	686,7	220,2	195,0	292,0	75,9	7,6	8,3	8,7
Protección do aire e o clima	344,7	37,0	38,3	149,3	6,9	1,2	1,1	2,1
Xestión de augas residuais	156,3	74,3	43,7	33,3	23,5	3,8	1,4	1,0
Xestión de residuos	66,1	13,6	20,5	12,5	5,1	1,4	3,7	1,6
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	22,3	22,3	21,5	15,1	1,9	0,2	0,6	0,8
Reducción de ruídos e vibracións	15,3	2,2	1,5	2,4	0,3	0,1	0,0	0,2
Protección da biodiversidade e a paisaxe	75,4	64,9	60,8	62,3	36,9	0,8	0,7	2,3
Outras actividades de protección ambiental	6,7	5,9	8,7	17,1	1,4	0,1	0,7	0,7
Equipos e instalacións integrados	847,1	336,0	359,2	255,1	169,8	40,2	45,6	29,7
Protección do aire e o clima	479,3	229,7	256,7	170,7	127,3	31,0	37,4	14,4
Xestión de augas residuais	80,3	39,0	37,7	36,5	4,8	2,8	2,3	3,9
Xestión de residuos	77,8	34,5	43,4	26,0	3,8	3,5	3,7	5,4
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	18,9	12,3	10,6	13,6	2,7	2,4	1,7	4,8
Reducción de ruídos e vibracións	19,3	5,7	4,2	4,4	3,6	0,3	0,1	0,5
Outras actividades de protección ambiental	171,6	14,8	6,7	4,0	27,5	0,2	0,5	0,7
Gastos correntes	1.595,6	1.755,8	1.845,9	1.826,5	93,5	118,1	118,6	108,6
C. Industria manufactureira	2.421,0	2.094,4	2.109,2	2.037,5	132,6	131,6	151,4	121,3
Investimento total	917,9	453,3	394,6	347,3	48,0	34,8	47,8	25,4
Equipos e instalacións independentes	406,8	146,4	107,7	114,6	14,4	5,8	4,4	4,1
Protección do aire e o clima	179,3	34,8	26,6	51,3	4,3	1,0	1,1	1,5
Xestión de augas residuais	125,3	73,6	37,8	31,0	7,0	3,8	1,3	1,0
Xestión de residuos	60,0	9,9	15,6	8,6	1,9	0,6	0,9	0,2
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	16,7	18,8	18,7	13,0	0,5	0,2	0,4	0,7
Reducción de ruídos e vibracións	13,6	2,1	0,7	1,5	0,2	0,1	0,0	0,1
Protección da biodiversidade e a paisaxe	7,4	1,3	0,9	0,7	0,1	0,0	0,1	0,0
Outras actividades de protección ambiental	4,5	5,9	7,4	8,5	0,5	0,1	0,5	0,6
Equipos e instalacións integrados	511,1	306,9	287,0	232,7	33,5	29,1	43,4	21,3
Protección do aire e o clima	249,2	214,2	190,8	154,6	20,6	22,7	36,3	11,0
Xestión de augas residuais	72,1	36,3	35,3	36,0	4,7	0,8	1,5	3,8
Xestión de residuos	75,5	32,4	41,8	24,5	3,5	3,2	3,3	4,0
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	10,6	6,7	9,0	9,5	0,5	1,9	1,6	1,3
Reducción de ruídos e vibracións	14,2	5,2	3,5	4,1	0,1	0,3	0,1	0,5
Outras actividades de protección ambiental	89,5	12,1	6,7	3,9	4,1	0,2	0,5	0,7
Gastos correntes	1.503,1	1.641,1	1.714,5	1.690,2	84,6	96,8	103,6	95,9

(1) datos referidos ás empresas das seccións B, C e D da CNAE-2009
Fonte: INE, *Encuesta del gasto de la industria en protección ambiental*

4.4.7.

taminantes sinalan que no ano 2016 as actividades industriais contaminantes existentes en Galicia era 30, e 114 os complexos industriais clasificados tamén como contaminantes. Galicia é a terceira Comunidade por número de actividades industriais contaminantes situándose como a oitava en canto ao número de complexos industriais así clasificados con información pública (**cadro 4.4.6.)**.

• Gasto das empresas en protección medioambiental

O gasto que realizan as empresas para reducir as emisións contaminantes pode tomarse como un indicador que permite avaliar os resultados das políticas medioambientais tanto no contexto nacional como internacional.

O gasto da industria galega en protección ambiental diminúe no ano 2015 (último dispoñible) un 14,7% en relación ao ano anterior, o que supón 25,4 millóns de euros menos. A redución de gasto afecta tanto ao investimento con 15,5 millóns de euros menos, como aos gastos correntes que se reducen en 9,9 millóns de euros (**cadro 4.4.7.**). Atendendo ao seu peso no con-

xunto do Estado, o gasto total representa o 6,2% do total estatal, un punto porcentual menos que no ano 2014.

Sete de cada dez euros investidos pola industria en protección ambiental destínase a equipos e instalacións integradas no propio proceso produtivo, fronte a só o tres euros de cada dez dedicado a equipos e instalacións independentes. A nivel estatal estas porcentaxes están máis equilibradas, con valores en torno ao 47% e o 53%, respectivamente.

Dende un punto de vista cuantitativo, o investimento en equipos integrados de emisións ao aire acada no ano 2015 o valor máis elevado con 14,4 millóns de euros, a pesar da redución de 23 millóns en relación ao ano 2014. Na mesma liña, os investimentos en equipos e instalacións independentes para a xestión de augas residuais e para a xestión de residuos tamén reducen o seu investimento total en relación ao ano anterior.

Dende o ano 2008 os investimentos en protección ambiental da industria tanto galega como estatal mostra un marcado descenso, tanto no que respecta a equipos independentes como integrados. Fronte ao dito descenso, os gastos correntes en protección ambiental na industria aumentan en relación ao ano 2008, en torno ao 16% en Galicia e ao 14% no conxunto do Estado.

Máis do 80% do gasto das empresas galegas en protección ambiental corresponde ás industrias manufactureiras, que fundamentalmente dedican o investimento a equipos e instalacións integrados para a xestión das emisións ao aire, que, con 11 millóns de euros, reducen o seu investimento nun 70% en relación ao ano anterior; estes investimentos representan en torno ao 40% do investimento total en protección ambiental das industrias manufactureiras galegas.

Natureza e biodiversidade

Os espazos naturais protexidos son aqueles espazos ou ecosistemas máis representativos e significativos do territorio galego que dispoñen dun réxime especial de protección (Lei 9/2001, de Conservación da Natureza). Estes espazos, segundo os datos do último anuario Europarc-España 2016 representan en Galicia unha superficie total de 398.609 ha, o 5,7% do total estatal, situándose como a sétima Comunidade con menor superficie terrestre protexida en relación á súa superficie territorial total.

Na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos están representados os principais ecosistemas, paisaxes ou hábitats galegos, e está constituída por aqueles espazos naturais da Comunidade Autonómica que dispoñen dun réxime especial de protección en virtude das diferentes normativas autonómicas, estatais ou comunitarias así como convenios internacionais.

A dita Rede esta constituída por aqueles espazos protexidos declarados nalgunha das categorías seguintes:

• Seis **parques naturais** declarados (49.087 hectáreas):
– Baixa Limia-Serra do Xurés.- 29.345ha
– Complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.- 996ha
– Fragas do Eume.- 9.126ha
– Monte Aloia.- 746ha
– O Invernadeiro.- 5.722ha
– A Serra da Enciña da Lastra.- 3.152ha

• O **parque nacional** marítimo terrestre das Illas Atlánticas, con 8.332,8 ha (7.138 ha mariñas).

• Oito zonas declaradas como **monumentos naturais** por ter un valor natural, paisaxístico, xeolóxico ou histórico singular (a praia das Catedrais; a Carballa da Rocha; Costa de Dexo; Fraga de Catasós; Serra de Pena Corneira; Souto da Retorta; Souto de Rozabales e o pregamento xeolóxico de Campodola-Leixazós), que suman en total 1.394 ha.

• Cinco **humedais protexidos**, cunha superficie de 7.709 ha (Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo; Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira; Lagoa e areal de Valdoviño; Ría de Ortigueira e Ladrido e a Ría de Ribadeo);

• Dúas **paisaxes** protexidas (Penedos de Pasarela e Traba e o Val do río Navea), con 903 ha.

Superficie dos espazos naturais protexidos de Galicia 2010

	(en ha)
Parques nacionais	8.490
Parque nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (Vigo, Bueu, Ribeira e Vilagarcía de Arousa)	8.490
Parques naturais	49.087
Monte Aloia (Tui)	746
Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carrexal e Vixán (Ribeira)	996
Baixa Limia-Serra do Xurés (Bande, Lobeira, Entrimo, Lobios, Muiños e Calvos de Randín)	29.345
O Invernadeiro (Vilariño de Conso)	5.722
Fragas do Eume (Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e As Pontes)	9.126
Serra da Enciña da Lastra (Rubiá)	3.152
Monumentos naturais	1.305
A fraga de Catasós (Lalín)	5
O souto da Retorta (Viveiro)	3
O souto de Rozabales (Manzaneda)	2
A costa de Dexo (A Coruña)	267
A praia das Catedrais (Ribadeo)	29
A carballa da rocha (Rairiz de Veiga)	1
A pena corneira (Leiro, Carballeda de Avia e Avión)	998
Humidais protexidos	7.709
Ría de Ribadeo (Ribadeo e Trabada)	614
Ría de Ortigueira de Ladrido (Cariño e Ortigueira)	3.025
Lagoa e areal de Valdoviño (Valdoviño)	485
Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo (Ribeira)	984
Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e lagoa Bodeira (Illa de Arousa, Cambados,Meaño, Sanxenxo e o Grove)	2.601
Paisaxes protexidas	903
Penedos de Pasarela e Traba (Vimianzo e Laxe)	212
Val do río Navea (Pobra de Trives e San Xoán de Rio)	691
Zonas de especial protección dos valores naturais (ZEPVN)	383.629
A Limia (Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Xinzo de Limia e Xunqueira de Ambia)	6.939
A Marronda (Baleira e A Fonsagrada)	1.239
A Ramallosa (Nigrán e Baiona)	92
Ancares - O Courel (Navia de Suarna, Cervantes, Becerreá, As Nogais, Triacastela, Pedrafita do Cebreiro, Samos, O Incio, Folgoso do Courel, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas do Sil)	102.562
Ancares (Cervantes e Navia de Suarna)	12.564
As catedrais (Barreiros, Ribadeo)	297
Baixa Limia (Quintela de Leirado, Verea, Bande, Lobeira, Entrimo, Lobios, Muíños, Calvos de Randín e Padrenda)	33.920
Baixo Miño (A Guarda, O Rosal, Tomiño, Tui, Salvaterra de Miño, As Neves, Arbo, Crecente, A Cañiza, Padrenda)	2.871
Betanzos - Mandeo (Aranga, Bergondo, Betanzos, Coirós, Irixoa, Miño, Paderne e Oza dos Ríos)	1.020
Bidueiral de Montederramo (Montederramo e Vilar de Barrio)	1.984
Brañas de Xestoso (A Estrada, Forcarei e Silleda)	1.077
Cabo Udra (Bueu e Cangas)	623
Canón do Sil (Pantón, Sober, Nogueira de Ramuín e Parada de Sil)	5.914
Carballido (A Pontenova, Ribeira de Piquín e A Fonsagrada)	4.828
Carnota - Monte Pindo (Cee, Dumbría, Mazaricos, Carnota e Corcubion)	4.674
Complexo húmido de Corrubedo (Porto do Son, Ribeira)	9.265
Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e lagoa Bodeira (Illa de Arousa, Cambados, Ribadumia, Meaño, Sanxenxo e o Grove)	2.813
Complexo litoral de Corrubedo (Ribeira)	971
Complexo Ons - O Grove (Bueu, Sanxenxo, O Grove, Meaño, Ribadumia, Cambados, A Illa de Arousa)	7.608
Costa Ártabra (Cariño, Ortigueira, Cedeira, Valdoviño, Narón, Ferrol, Mugardos, Ares)	7.546
Costa da Mariña occidental (O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo)	491
Costa da Mariña Occidental (O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo)	2.169
Costa da Morte - Norte (Carballo, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe e Camariñas)	7.962
Costa da Morte (Arteixo, A Laracha, Carballo, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe , Vimianzo, Camariñas, Muxía, Cee , Fisterra)	11.809
Costa da vela (Cangas)	1.419
Costa de Dexo (Oleiros)	347
Costa de Ferroltera - Valdoviño (Ferrol, Narón, Valdoviño)	4.266
Cruzul - Agüeira (Becerreá e As Nogais)	652

4.4. 8a.

• 71 **zonas** de especial protección dos **valores naturais**, que abarcan unha superficie de 389.593 hectáreas.

En base á Directiva 92/43 CEE, de 21 de maio, relativa á Conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, no ano 2014 aprobouse o decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación (ZEC) os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. Tras sete actualizacións, Galicia conta como espazos protexidos da Rede Natura 2000, con 59 ZEC e 16 zonas de especial protección das aves (ZEPA).

Fóra da Rede Galega de Espazos Protexidos, cómpre mencionar dous tipos de espazos naturais protexidos: os espazos naturais de interese local (Xunqueira de Alba, Loio-Ruxidoira, Puzo de Lago, Voutureira, Illas de San Pedro, Río Garfos e o Ecosistema dunar praia América-Panxón eas Ribeiras do Mero-Barcés en proceso de información pública) e un espazo privado de interese natural, Sobreiras do Faro.

Enseada de San Simón (Redondela, Soutomaior , Pontevedra, Vilaboa e Moaña)	2.218
Estaca de Bares (Mañón e Ortigueira)	852
Esteiro do Miño (Tomiño, O Rosal , A Guarda)	1.688
Esteiro do Tambre (Brión, Negreira, Noia, Outes e Porto do Son)	1.581
Fragas do Eume (Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e As Pontes de García Rodríguez)	9.127
Gándaras de Budiño (O Porriño, Salceda de Caselas e Tui)	727
Illa de Ons (Bueu)	924
Illas Cíes (Vigo)	990
Illas Estelas (Nigrán)	725
Macizo Central (O Bolo, Chandrexa de Queixa, Laza, Manzaneda, A Pobra de Trives, Viana do Bolo, Vilariño de Conso, Quiroga, Larouco. Montederramo e Castrelo do Val)	45.829
Miño - Neira (Guntín, Lugo, O Corgo e O Páramo)	842
Monte Aloia (Tui)	783
Monte e lagoa de Louro (Carnota e Muros)	1.096
Monte Faro (Rodeiro, Chantada e Carballedo)	2.988
Monte Maior (Viveiro e Xove)	1.247
Negueira (Negueira de Muñiz)	4.558
Ortigueira - Mera (Cariño, Ortigueira, Cerdido, As Pontes de García Rodríguez, As Somozas)	3.868
Parga - Ladra - Támoga (Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Friol, Guitiriz, Lugo, Outeiro de Rei, Rábade, Vilalba e Xermade)	4.938
Pena Maseira (A Gudiña e A Mezquita)	5.715
Pena Trevinca (Carballeda de Valdeorras, A Veiga, Viana do Bolo, Manzaneda e O Bolo)	24.894
Pena Veidosa (Carballedo e San Cristovo de Cea)	2.321
Ría de Foz - Masma (Foz, Barreiros, Lourenzá, Mondoñedo)	643
Ría de Foz (Foz e Barreiros)	564
Ría de Ortigueira de Ladrido (Cariño e Ortigueira)	3.025
Ribadeo (Ribadeo, Trabada)	536
Río Anllóns (Cabana de Bergantiños, Ponteceso, Coristanco e Carballo)	162
Río Cabe (Bóveda, O Incio, Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón, Pantón e Sober)	1.787
Río Eo (Ribadeo, Trabada, A Pontenova, Riotorto, Meira, Ribeira de Piquín, A Fonsagrada)	1.003
Río Landro (Viveiro, Ourol)	127
Río Lérez (Pontevedra, Campo Lameiro e Cotobade)	149
Río Ouro (Foz, O Valadouro e Alfoz)	109
Río Tambre (Tordoia, Ordes, Mesía, Trazo, Oroso, Frades, Santiago de Compostela e O Pino)	583
Río Támega (Verín, Castrelo do Val, Laza, Oímbra e Monterrei)	630
Río Tea (Covelo, Fornelos de Montes, Mondariz, Mondariz-Balneario, Ponteareas e Salvaterra de Miño)	357
Serra da Enciña da Lastra (Rubiá)	1.742
Serra do Candán (Forcarei, Lalín, Silleda, Beariz e O Irixo)	10.699
Serra do Cando (Cerdedo, Cotobade, Forcarei, A Lama e Beariz)	5.458
Serra do Careón (Toques, Melide, Santiso, Friol e Palas de Rei)	6.662
Serra do Xistral (As Pontes de García Rodríguez, Abadín, Alfoz, Cervo, Mondoñedo, Muras, O Valadouro, Ourol, Vilalba, Xermade, Xove e Viveiro)	22.964
Sistema fluvial Ulla - Deza (Catoira, A Estrada, Pontecesures, Silleda, Valga, Vila de Cruces, Boqueixón, Dodro, Padrón, Rianxo, Teo, Touro, Vedra, Brión, Rois e Ames)	1.633
Sobreirais do Arnego (Agolada, Lalín e Vila de Cruces)	1.124
Veiga de Ponteliñarea (Rairiz de Veiga e A Porqueira)	160
Xubia - Castro (A Capela, Moeche, Narón, Neda, San Sadurniño, As Somozas e As Pontes de García Rodríguez)	2.074
azos naturais de interese local (1)	292
Voutureira (San cibrao das Viñas)	184
Puzo do Lago (Maside)	31
Illas de San Pedro (A Coruña)	10
Xunqueira de Alba (Pontevedra)	67
azo privado de interese natural (1)	10
Sobreirais do Faro	10
l	391.997

on incluídos dentro da Rede Galega de Espazos Protexidos
itán incluídos os espazos recollidos na Lei 9/2001 do 21 de agosto de conservación da natureza.
haber espazos naturais encadrados en 2 ou máis clases de catalogación.
e: I.G.E.

4.4. 8b.

Ademais dos espazos protexidos pola Rede Galega, hai determinadas área que están protexidas por instrumentos internacionais, que son todos aqueles espazos naturais formalmente designados de conformidade co disposto nos convenios e acordos internacionais correspondentes. Dentro desta terceira categoría Galicia conta con tres figuras:

• Humidais de Importancia Internacional (Convenio Ramsar), dedicado á protección de humidais, especialmente os que son hábitats de aves acuáticos. Na actualidade Galicia conta con cinco lugares Ramsar: o Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira; as Rías de Ortigueira e Ladrido; o Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo; a Lagoa e areal de Valdoviño; e a Ría do Eo.

• As reservas da biosfera, elemento fundamental do Programa MaB da UNESCO, constitúen lugares excepcionais para a investigación, a observación e, a longo prazo, a formación, educación e sensibilización do público e presentan como principal obxectivo o de har-

Incendios forestais en Galicia e España 2016-17 (1): sinistros e superficie afectada

2016

	sinistros		superficie afectada (2)		
	conatos < 1 Ha	incendios >= 1 Ha	arborada	non arborada	superficie total
				(en has.)	
Galicia	1.872	528	8.845,9	12.266,3	21.112,2
A Coruña	475	122	2.322,4	1.578,4	3.900,9
Lugo	285	76	332,8	561,7	894,5
Ourense	577	228	3.204,2	8.151,0	11.355,2
Pontevedra	535	102	2.986,4	1.975,2	4.961,6
España	6.479	2.338	23.173,9	36.204,7	59.378,6
Galicia / España *(%)*	28,9	22,6	38,2	33,9	35,6

2017

	sinistros		superficie afectada (2)		
	conatos < 1 Ha	incendios >= 1 Ha	arborada	non arborada	superficie total
				(en has.)	
Galicia	2.302	947	29.278,3	32.623,3	61.901,7
A Coruña	485	129	1.116,9	1.140,1	2.256,9
Lugo	435	202	3.282,6	4.955,9	8.238,4
Ourense	897	488	11.428,7	18.880,5	30.309,2
Pontevedra	485	128	13.450,2	7.646,9	21.097,1
España	8.705	5.088	66.839,0	100.063,5	166.902,5
Galicia / España *(%)*	26,4	18,6	43,8	32,6	37,1

(1) datos son provisionais
(2) non se inclúen pastos nin pradeiras
Fonte: Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente

4.4. 9.

monizar a conservación da natureza co desenvolvemento socioeconómico. As seis áreas declaradas como tal en Galicia son Os Ancares lucenses e Montes Navia, Cervantes e Becerreá; Río Eo, Oscos e Terras de Bourón; Terras do Miño; a Área de Allariz; a Baixa Limia- Serra do Xurés; e por último, As Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo.

Cómpre salientar os efectos sobre as reservas da biosfera da vaga de incendios forestais do ano 2017. En concreto os incendios afectaron espazos forestais protexidos emblemáticos como o parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés, con efectos devastadores sobre os hábitats prioritarios e endémicos do parque, así como nas especies catalogadas en perigo de extinción.


• A rede OSPAR, relativa a áreas de protección do medio ambiente mariño do Atlántico nordeste. Os Estados membros teñen a obriga de propoñer zonas de interese dentro das súas respectivas augas xurisdicionais, incluíndo a Zona Económica Exclusiva ou aquelas zonas mariñas onde o Estado exerza a súa soberanía. España aporta dúas zonas das 81 que forman parte da rede: parque nacional das Illas Atlánticas de Galicia, con 8.480 hectáreas, e a área mariña protexida de El Cachuco, en Asturias, con 234.966 hectáreas.

Bosques e incendios forestais

Os datos proporcionados pola Consellería de Medio Rural sitúan a Galicia como unha das máis importantes potencias forestais de Europa, cunha superficie forestal arborada de máis de 1.400.000 hectáreas, o que representa o 48% de todo o territorio. Dos 1,4 millóns de hectáreas forestais arboradas, máis de 120.000 corresponden á superficie forestal certificada.

O avance do Anuario de Estatística Forestal 2014 (último dispoñible) revela que o monte galego rexistra un forte envellecemento existindo en torno a 600.000 hec-


Evolución conatos/incendios 2005-17



Fonte: Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente

4.4.10.

Evolución superficies forestais 2005-17



Fonte: Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente

4.4.11.

táreas de monte improdutivo. A provincia cunha maior masa forestal é Lugo, co 34% do total de Galicia, seguida de A Coruña (29,2% do total), Ourense e Pontevedra (21,8% e 14,8% respectivamente). O último inventario de danos forestais (2017) reseña una certa melloría en Galicia no número de árbores con danos.

Un indicador importante da biodiversidade forestal existente nun territorio é o número de árbores e formacións senlleiras protexidas. No ano 2017, o Catálogo galego de árbores senlleiras inclúe a 155 árbores e 37 formacións senlleiras protexidas en Galicia.

Durante o pasado mes de outubro de 2017, unha vaga de incendios afectou unha ampla extensión do territorio galego, causando danos persoais así como en bens de titularidade pública e privada.

O Ministerio de Agricultura Alimentación e Medio Ambiente estima que en 2017 en Galicia arderon case 62 mil hectáreas, tres veces máis que no ano anterior. O 47% do total de superficie queimada estaba arborada (**cadro 4.4.9.**).

Ao longo do último ano declaráronse 3.249 sinistros (2.400 no ano anterior), dos que 2.302 teñen menos dunha hectárea e 947 afectan a unha superficie superior á hectárea. En relación ao conxunto do Estado, Galicia sufriu o 18,6% dos incendios rexistrados (22,6% no ano anterior), representando a superficie total quei-

Residuos urbanos recollidos nas CC.AA. 2014-15: distribución segundo tipo

	2014		2015		15/14	
	mezclados	recollidos selectivamente	mezclados	recollidos selectivamente	mezclados	recollidos selectivamente
	(en tm.)				(%)	
Andalucía	4.102.005	481.568	3.734.660	503.256	-9,0	4,5
Aragón	390.043	92.990	457.726	107.822	17,4	16,0
Asturias	411.488	130.504	404.159	138.124	-1,8	5,8
Baleares	621.531	130.430	766.736	137.739	23,4	5,6
Canarias	1.202.583	132.153	1.144.978	119.117	-4,8	-9,9
Cantabria	238.392	47.111	260.450	50.366	9,3	6,9
Castela e León	828.000	136.016	931.233	136.311	12,5	0,2
Castela - A Mancha	874.532	76.125	862.862	75.897	-1,3	-0,3
Cataluña	2.543.744	1.136.925	2.377.337	1.177.821	-6,5	3,6
Comunidade Valenciana	1.640.526	278.717	1.910.187	277.192	16,4	-0,5
Estremadura	437.945	86.377	409.772	88.226	-6,4	2,1
Galicia	656.831	200.492	940.480	202.545	43,2	1,0
Madrid	2.126.797	375.321	1.979.512	349.317	-6,9	-6,9
Murcia	625.857	69.159	600.715	79.349	-4,0	14,7
Navarra	152.293	111.958	161.588	134.680	6,1	20,3
País Vasco	574.947	275.201	668.201	277.954	16,2	1,0
A Rioxa	61.619	19.758	106.096	20.815	72,2	5,3
Total	17.530.077	3.798.230	17.753.549	3.892.745	1,3	2,5

Fonte: INE, *Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos*

4.4.12.

mada o 37,1% da superficie forestal total afectada polo lume a nivel estatal, semellante ao 35,6% que representou no ano 2016.

Un ano máis Ourense é a provincia onde se rexistraron o maior número de sinistros, cun total de 488 incendios de máis dunha hectárea, con 30 mil hectáreas queimadas., tres veces máis que no ano anterior. No ano 2017 destaca o incremento da superficie queimada en todas as provincias agás A Coruña. En Pontevedra queimáronse 21 mil hectáreas, catro veces máis que no ano anterior e Lugo con 8,2 mil ha multiplicou por 9 as hectáreas queimadas no ano 2016.

Os **gráficos 4.4.10.** e **4.4.11.** mostran a evolución dos sinistros e da superficie queimada no período 2005-2017. Así, obsérvase como os datos de incendios rexistrados no ano 2017 é o máis elevado dende 2013, pero por debaixo da media de sinistros dos últimos 12 anos.

No que respecta á superficie queimada, tal como se mostra no **gráfico 4.4.11.**, os datos de superficie forestal queimada superan con folgura á media dos últimos anos, sendo xunto co ano 2005, 2006 o terceiro cun maior volume de superficie afectada. Nesta mesma liña, a extensión de superficie arborada afectada pola vaga de incendios do pasado ano 2017, é a maior dende 2006.

Residuos sólidos urbanos

Segundo os datos da enquisa sobre recollida e tratamento de residuos do INE, no ano 2015 (último dato dispoñible) (**cadro 4.4.12.**), a recollida de residuos sólidos urbanos (RSU) increméntase nun 33% para situarse no 1,1 millón toneladas, o 5,3% do total estatal. En termos anuais por habitante, en Galicia recolléronse un total de 419,4 kg, en torno a 50 kg menos que a media estatal.

Atendendo á desagregación segundo tipo de residuos, o incremento prodúcese fundamentalmente nos residuos mezclados que aumentan o seu volume nun 43,2% fronte ao incremento do 1% nos residuos recollidos selectivamente (**cadro 4.4.12.**).

No **cadro 4.4.13.** móstrase a evolución por tipo de residuo. No ano 2015 increméntase o volume de residuos

Residuos urbanos recollidos nas CC.AA. 2014-15: distribución segundo tipo de residuo producido

	2014				2015			
	domésticos	papel e cartón	vidrio	envases mixtos	domésticos	papel e cartón	vidrio	envases mixtos
				(en tm)				
Andalucía	3.689.673	95.866	82.208	76.354	3.734.660	100.815	95.057	80.176
Aragón	452.101	22.514	16.668	14.560	457.726	22.445	17.676	16.343
Asturias	394.374	49.754	32.687	9.984	404.159	56.253	33.197	10.476
Baleares	613.687	39.564	31.628	14.643	766.736	40.223	31.759	18.842
Canarias	1.127.565	30.659	31.163	16.225	1.144.978	31.543	33.225	16.990
Cantabria	255.448	9.878	10.237	5.097	260.450	9.640	10.999	5.277
Castela e León	929.457	43.432	40.857	20.882	931.233	43.442	40.826	21.066
Castela - A Mancha	809.471	26.218	20.690	17.502	862.862	24.356	20.630	18.582
Cataluña	2.502.871	271.427	162.447	120.590	2.377.337	298.134	158.878	129.526
C. Valenciana	1.887.879	57.928	79.025	40.546	1.910.187	54.032	80.869	42.150
Estremadura	408.654	39.097	7.156	10.604	409.772	40.151	8.003	10.798
Galicia	938.708	31.674	39.045	22.255	940.480	32.591	39.743	22.123
Madrid	2.029.663	89.463	78.005	122.723	1.979.512	86.451	78.430	123.505
Murcia	607.734	12.864	21.991	12.795	600.715	13.814	23.450	13.466
Navarra	164.832	22.981	16.697	20.298	161.588	26.057	15.871	20.101
País Vasco	571.480	122.104	56.119	36.020	668.201	117.879	58.948	38.244
A Rioxa	105.537	7.409	6.737	4.659	106.096	7.605	7.532	4.688
Total	17.530.077	976.896	733.864	565.736	17.753.549	1.008.959	755.608	592.353

Fonte: INE, *Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos*

4.4. 13.

Xeración de residuos en Galicia: 2012-16

	2012	2013	2014	2015	2016
		(en Tm.)			
Minería e extracción	233.402	257.231	286.828	314.387	217.049
Sector primario e alimentario	81.238	94.870	106.067	102.191	125.860
Sector madeira e papel	24.531	27.417	36.307	22.135	35.470
Coiro e téxtil	2.018	1.904	2.039	2.797	2.829
Petróleo, gas natural e carbón	4.860	1.298	5.599	787	242
Procesos químicos inorgánicos	4.127	5.190	4.370	4.856	5.498
Procesos químicos orgánicos	771	1.361	764	1.277	1.449
Pinturas, adhesivos e tintas	9.035	9.017	8.106	10.782	11.204
Industria fotográfica	342	352	212	182	257
Procesos térmicos	505.215	394.427	373.788	495.124	439.397
Tratamento químico superficies	6.293	7.919	9.618	7.782	11.841
Tratamento físico superficies	118.825	127.408	101.471	102.765	90.654
Residuos aceitosos	40.273	45.442	46.655	51.365	56.850
Disolventes	616	734	652	648	678
Envases e absorbentes	89.855	113.590	118.311	87.614	104.356
Outros	141.238	149.281	132.122	134.456	110.119
Construción e demolición	530.578	520.994	759.818	1.053.440	1.360.667
Servizos médicos	11.793	10.485	10.514	10.313	12.159
Tratamento de residuos e auga	344.342	286.815	405.128	465.786	464.827
Residuos domésticos asimilables	8.291	2.571	3.022	8.130	5.766
Total	2.157.643	2.058.306	2.411.391	2.876.817	3.057.172

Fonte: Cª de Medios Ambiente e Ordenación do Territorio.

4.4. 14.

Instalacións autorizadas para o tratamento de residuos industriais en Galicia 2017

	Instalacións (nº)	Capacidade máxima (en Tm.)
Almacenamento (1)	201	113.511
Clasificación	88	1.128.689
Valorización	369	9.898.556
Eliminación (2)	29	169.389
Total	687	11.310.145

(1) Capacidade en toneladas máximas de residuos que se poden almacenar nas instalacións

(2) Non computada a capacidade de eliminación en vertedoiros

Fonte: *Cª de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.*

4.4.15.

domésticos, o papel e cartón e o vidro, fronte ao descenso na recollida de envases mixtos.

Segundo datos da Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) no ano 2017 recicláronse 99.000 toneladas de residuos, valorizáronse enerxeticamente 550.000 toneladas e depositáronse en vertedoiros 252.000 toneladas de residuos.

Residuos industriais

O Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016- 2022 (en diante PRIGA) dá continuidade ao Plan de xestión de residuos e solos contaminados de Galicia 2000-2006 e incorpora a Directiva marco de residuos que obriga a establecer plans e programas de xestión de residuos así como a elaborar programas de prevención, cunha finalidade de romper o vínculo entre crecemento económico e xeración de residuos.

Non se dispón de datos sobre o grao de cumprimento dos obxectivos do PRIGA, xa que na data de elaboración desta memoria non está publicado o informe periódico de resultados que se propón no PRIGA a partir do 2017.

A diagnose da situación actual incluída no plan determina que, no ano 2016 (último dato consolidado), xeráronse en Galicia 3,1 millóns de toneladas de residuos (**cadro 4.4.14.**), dos que os residuos de construción e demolición (RCD) son os de maior xeración (44,5%) seguidos dos residuos procedentes do tratamento de residuos e auga e dos procesos de tratamento térmico, en torno ao 15% do total en ambos casos.

As instalacións autorizadas na actualidade, tanto de residuos perigosos coma non perigosos, en función da súa tipoloxía e capacidade móstranse no **cadro 4.4.15.** Existen 201 instalacións de almacenamento cunha capacidade máxima de 113.000 toneladas, 88 instalación de clasificación con 1,1 millóns de toneladas/ano de máximo, 369 instalacións de valorización (9,9 millóns de t/a) e 29 instalacións de eliminación (169 mil t/a). ❑

4.5. Ocio e cultura

No presente apartado, realízase unha análise da situación da cultura en Galicia a través do estudo de magnitudes transversais e de dominios culturais, entendendo por magnitudes transversais as operacións estatísticas que afectan a diferentes sectores culturais, e por dominios culturais ou magnitudes sectoriais, aqueles que representan un conxunto común de actividades económicas e sociais que tradicionalmente son consideradas de natureza cultural, tales coma os bens culturais, libros e publicacións periódicas ou artes musicais, entre outras.

A distribución funcional do orzamento de gastos da Administración Xeral amosa que, dentro da produción de bens públicos de carácter social, o crédito dedicado a cultura (función 43) aumenta un 6,9% en 2018, acadando os 69 millóns de euros (4,5 millóns máis que o ano anterior).

Indicadores transversais

Neste apartado analízanse os indicadores que afectan a diferentes sectores ou actividades culturais: emprego, sector empresarial, financiamento e gasto público en cultura, gasto e consumo cultural nos fogares, propiedade intelectual e turismo cultural.

• **Emprego e empresas culturais**

Segundo os datos do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte o número de persoas ocupadas en actividades cunha dimensión cultural en Galicia no ano 2017 ascendeu a 30.500 ocupados, o que representa o 5,2% do emprego cultural no conxunto do Estado (**cadro 4.5.1.**). En relación co ano anterior, a ocupación neste sector medra en Galicia un 4,4% (1.300 persoas máis), inferior ao incremento do 7,3% no conxunto do Estado.

O tecido empresarial no ámbito das actividades culturais engloba a todas as empresas cuxa principal actividade económica atópase relacionada co ámbito da cultura, actividades vinculadas a bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións culturais, actividades cinematográficas, de vídeo, de radio e televisión así como as artísticas e de espectáculos, entre outras. No ano 2016, Galicia contaba cun total de 6.151 empresas culturais rexistradas, 135 máis que no ano anterior, manténdose o peso relativo no total estatal no 5,4%

Emprego cultural nas CC.AA. 2011-17 (1)

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
				(miles)			
Andalucía	51,0	45,8	49,0	58,2	54,7	64,3	70,5
Aragón	14,1	9,6	9,2	12,4	15,0	13,1	8,9
Asturias	7,5	8,4	7,6	7,9	8,5	9,7	9,4
Baleares	10,0	10,0	13,2	13,2	14,7	14,1	19,5
Canarias	14,9	14,2	12,9	15,0	19,3	17,3	22,1
Castela - A Mancha	13,5	12,0	13,7	14,8	14,6	17,8	14,4
Castela e León	20,0	17,7	17,2	17,7	18,1	19,2	18,0
Cataluña	118,3	105,1	117,0	122,0	108,3	117,0	133,6
Comunidade Valenciana	44,8	43,4	42,0	41,9	47,1	42,8	45,0
Galicia	24,3	21,4	24,3	27,6	26,6	29,2	30,5
Madrid	124,2	132,7	125,5	127,9	135,4	142,0	153,0
Murcia	7,3	9,4	9,7	9,3	9,0	10,2	11,0
Navarra	10,4	7,6	6,7	7,8	7,8	7,4	6,0
País Vasco	29,7	28,1	22,8	22,7	23,7	27,8	26,8
Cantabria, Extremadura, A Rioxa, Ceuta e Melilla	16,7	13,6	14,5	13,4	12,3	12,9	15,8
Total	506,7	478,8	485,3	511,8	515,0	544,7	584,3

(1) ocupados de máis de 16 anos que desenvolven ocupacións culturais, considerando éstas como aquelas actividades profesionais cunha dimensión cultural como por exemplo escritores, artistas, arquiveiros, bibliotecarios, actividades de edición, cinematográficas, de vídeo, radio, tv, actividades artísticas e de espectáculos e outras, con independencia da actividade principal do empregador

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Empleo cultural*

4.5. 1.

Empresas culturais nas CC.AA. 2015-16: distribución segundo actividade económica principal

	2015		2016	
	Galicia	España	Galicia	España
Total empresas	6.016	112.037	6.151	114.099
En determinadas actividades da industria e dos servizos	4.424	88.071	4.640	91.237
Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras	234	5.364	243	5.589
Edición de libros, xornais e outras activ. edit.	359	8.170	343	7.951
Cinematografía, vídeo, radio, tv, e outras activ. de edic. musical	356	9.098	334	8.951
Axencias de novas	1	102	1	99
Actividades de deseño, creación, artísticas e de espectáculos	1.713	30.984	1.870	33.500
Fotografía	637	10.425	690	11.082
Actividades de traducción e interpretación	328	8.075	360	8.450
Artes gráficas e reprod. de soportes grabados	709	14.042	710	13.813
Fabricac. de soportes, aparatos de imaxe e son e instr. musicais	27	326	25	331
Educación cultural	60	1.485	64	1.471
En determinadas actividades do comercio e aluguer	1.592	23.966	1.511	22.862

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5. 2.

Gasto público liquidado en cultura en Galicia e España 2014-15

		2014		2015	
		Galicia	España	Galicia	España
Total	*(en miles de euros)*	62.218	1.046.924	83.423	1.080.935
Gasto / gasto liquidado total	*(%)*	0,61	0,57	0,82	0,60
Gasto / PIB	*(%)*	0,12	0,10	0,15	0,10
Gasto / habitante	*(en euros)*	22,60	22,30	30,50	23,30
Actividades					
Bens e servizos culturais	*(en miles de euros)*	26.289	399.292	48.486	431.108
Artes plásticas, escénicas e musicais	*(en miles de euros)*	-	235.815	92	244.827
Libro e audiovisual	*(en miles de euros)*	-	47.809	-	52.164
Interdisciplinar e non distribuído	*(en miles de euros)*	35.929	352.584	34.846	352.837

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Estadística de financiación y gasto público en cultura.*

4.5. 3.

(**cadro 4.5.2.**). Atendendo á súa distribución segundo actividade económica principal, as actividades da industria e dos servizos, abranguen o 75,4% das empresas culturais en Galicia, entre as que salientan as dedicadas ao "deseño, creación artística e de espectáculos", con 1.870 empresas (o 30,4% das empresas culturais galegas), así como as actividades de "artes gráficas e reprodución de soportes gravados", con 710 empresas, o 11,5% das empresas culturais.

• Financiamento e gasto público en cultura

A distinción entre o carácter público e privado do gasto realízase tendo en conta a natureza do financiador e non a do receptor, así considérase gasto público en cultura o gasto consolidado liquidado destinado á cultura, na súa fase de obrigas recoñecidas.

Tras o forte incremento experimentado no ano 2015 (último dato dispoñible), o gasto liquidado en cultura realizado pola Administración autonómica galega ascendeu a 83,4 millóns de euros, o que supón o 7,7% do gasto no conxunto do Estado, porcentaxe superior ao peso que representa tanto a poboación como a actividade económica galega. En relación ao ano anterior, este gasto público en cultura medrou en Galicia un 34,1% (21,2 millóns de euros) fronte ao 3,2% en España.

Como reflicte o **cadro 4.5.3.**, o gasto liquidado en cultura representa o 0,15% do PIB galego (0,1% no Estado) e o 0,82% do gasto liquidado total (0,60% en España). Asemade, cómpre mencionar que o gasto per cápita medrou en Galicia un 35% para situarse nos 30,5 euros, importe superior ao do conxunto do estado, que ascende a 23,3 euros (4,5% máis que no ano anterior).

Atendendo á desagregación segundo actividade principal, o devandito incremento do gasto total, ven explicado case na súa totalidade pola medra do gasto nas actividades incluídas dentro do apartado "bens e servizos culturais" (22,2 millóns de euros mais), e máis concretamente, no destinado a monumentos históricos (con case 22 millóns de euros máis que no ano anterior). A partida destinada a museos aumenta en 2,4 millóns, descendendo pola contra o gasto en arquivos en 1,8 millóns de euros. No eido da actividades interdisciplinares aumenta o gasto na promoción, difusión e cooperación cultural en 1,3 millóns de euros, a diferenza do que acontece coa administración e servizos xerais, cunha redución de 1,9 millóns.

Tras esta evolución, o destino do gasto máis importante corresponde a "monumentos históricos", con 34,3 millóns de euros, o 41,1% do gasto público liquidado en cultura, seguido pola promoción, difusión e cooperación cultural, con 18,4 millóns, o 22,1% do total.

• Gasto e consumo cultural nos fogares

No ano 2016 mantense a tendencia positiva iniciada no ano anterior e increméntase o gasto destinado a con-

Consumo cultural nos fogares en Galicia e España 2015-16

		2015		2016	
		Galicia	España	Galicia	España
Total		635,8	11.968,9	696,5	14.099,4
libros e publicacións periódicas		96,8	1.749,7	149,4	3.129,7
servizos culturais	*(en millóns de euros)*	232,7	4.343,1	75,1	2.293,6
equipos e accesorios audiovisuais, fotográficos e cinematográficos		63,5	1.141,0	102,4	1.924,4
equipos e accesorios de tratamento de información e Internet		194,8	3.945,1	369,6	6.751,7
outros bens e servizos		48,0	790,0		
gasto / habitante	*(en euros)*	235,00	260,40	258,40	306,70
gasto / fogar		587,70	651,40	640,60	764,40

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, A*nuario de Estadísticas Culturales*

4.5. 4.

sumo cultural por parte das familias, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, xunto co incremento en torno ao 0,7% en Galicia do índice de prezos ao consumo do ocio e a cultura en 2017 en relación ao ano anterior. Como reflicte o **cadro 4.5.4.**, a poboación galega gastou 696,5 millóns de euros en cultura, un 9,5% superior ao realizado no ano anterior, incremento significativamente inferior ao rexistrado de media no Estado, onde o gasto nos fogares destinado a consumo cultural aumenta case un 18%. En relación ao conxunto do Estado, Galicia representa no ano 2016 o 4,9% do consumo cultural en España, catro décimas menos que no ano anterior.

O principal destino deste gasto é a compra de equipos e accesorios de tratamento de información e internet, que concentra 53,1% do gasto total, máis de cinco puntos por riba da media estatal, seguido polo gasto en equipos e accesorios audiovisuais, fotográficos e cinematográficos, que representa o 14,7% (13,6% en España). Analizando a evolución dos diferentes gastos, apreciase un aumento notable nos dous apartados de equipos e accesorios e no de libros e publicacións periódicas, e un descenso de máis do 67% no consumo de servizos culturais.

En termos relativos, o gasto medio por fogar en cultura situouse no ano 2016 en 640,60 euros, case 124 euros menos que a media estatal, situándose como a segunda comunidade autónoma con menor gasto medio tras Estremadura (605,20 euros). En termos de gasto por persoa, o gasto medio situouse en 258,40 euros (306,70 de media en España), sendo tamén a segunda Comunidade Autónoma con menor gasto (Estremadura 24,10 euros).

• Propiedade intelectual

A propiedade intelectual defínese como o conxunto de dereitos que corresponden aos autores e outros titulares respecto ás obras e prestacións froito da súa creación. A información dispoñible sobre os dereitos de propiedade intelectual deriva das Entidades de Xestión así como da explotación estatística do Rexistro xeral da propiedade intelectual.

Tanto en Galicia como no conxunto do Estado, en 2016 descende o número de primeiras inscricións de dereitos de propiedade industrial realizadas no Rexistro da Propiedade Intelectual, se ben esta caída é menos acusada que en España. No último ano realizáronse un total de 1.477 inscricións, 13 menos que no ano anterior (-0,9%), aumentando o seu peso relativo no total estatal ata o 6,2% (5,9% no ano anterior). O 71,5% do total das inscricións corresponderon a obras literarias e científicas, seguidas das obras musicais, cinematográficas e audiovisuais, co 13,7%, e as obras artísticas e técnicas, cun 11,4%.

Como se aprecia no **cadro 4.5.5.**, en relación ao rexistro realizado no ano anterior, en Galicia tan só aumentan os dereitos de propiedade intelectual no caso das obras artísticas e técnicas (26,3% máis), descendendo nun 14% no caso das obras musicais, cinematográficas e audiovisuais.

Dereitos de propiedade intelectual 2015-16 (1)

	2015	2016
Obras literarias e científicas		
Galicia	1.064	1.056
España	18.360	17.901
Obras musicais, cinematográficas e audiovisuais		
Galicia	235	202
España	4.430	3.828
Obras artísticas e técnicas		
Galicia	133	168
España	1.779	1.425
Outras		
Galicia	58	51
España	748	781
Total		
Galicia	1.490	1.477
España	25.317	23.935

(1) primeiras inscricións realizadas no Rexistro da Propiedade Intelectual; o dato total de España recolle a suma das inscricións no rexistro central e nos rexistros territoriais

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5. 5.

Viaxes por motivos culturais de residentes 2016-17

	2016		2017	
	Galicia	España	Galicia	España
Viaxes totais	9.188.278	181.950.842	9.834.000	193.689.289
Ocio, recreo e vacacións	3.657.816	85.923.673	3.905.428	98.093.815
Turismo cultural	637.560	14.419.370	541.873	12.531.656
Pernoctacións totais	32.683.663	780.324.511	32.655.126	801.948.843
Ocio, recreo e vacacións	14.193.351	397.293.168	14.165.345	440.582.303
Turismo cultural	2.394.390	65.421.326	1.892.159	56.325.131
Duración media das viaxes (días)	3,56	4,29	3,32	4,14
Ocio, recreo e vacacións	3,88	4,62	3,63	4,49
Turismo cultural	3,76	4,54	3,49	4,49

Fonte: INE, *Encuesta de turismo de residentes*

4.5. 6.

• Turismo cultural

Os datos dos que se dispón para analizar a evolución do turismo cultural son os proporcionados polo INE que se refiren, exclusivamente, a residentes nacionais. No ano 2017 observamos un aumento das viaxes totais que realizan os residentes da nosa Comunidade, pero descenden as viaxes realizadas por motivos culturais. Os viaxes por motivos culturais representan o 5,5% do total de viaxes realizados polos galegos no ano 2017. As pernoctacións e a duración dos viaxes culturais tamén caen en 2017, un 21% e un 7,2% respectivamente.

O gasto medio por persoa realizado por turistas nacionais a Galicia sería de 178 euros, na media estatal (169,8 euros de gasto medio por persoa). O gasto medio por persoa cando viaxa por motivos culturais, realizado por turistas nacionais a Galicia sería de 388,8 euros por persoa, en torno a 45 euros máis que o gasto medio estatal.

Gasto nas viaxes por motivos culturais de residentes nacionais 2016-17

		Viaxes por destino			Turismo cultural		
		Total	Estranxeiro	Galicia	Total	Estranxeiro	Galicia
Gasto total							
2016	*(en miles de euros)*	41.388.181,3	13.233.735,9	1.647.596,3	7.339.045,6	4.508.940,2	172.184,3
2017		44.232.732,1	14.275.284,9	1.831.734,0	6.747.728,7	4.372.240,4	208.845,2
Gasto medio por persona							
2016	*(en euros)*	227,5	841,2	169,6	509,0	902,9	343,3
2017		228,4	825,7	178,1	538,5	916,0	388,8

Fonte: INE, *Encuesta de turismo de residentes*

4.5. 7.

No ano 2017, os galegos realizaron 537 mil viaxes rexistrados como turismo por motivo cultural, nos que gastaron 235 millóns de euros, dos que o 6,7% corresponde ao gasto de galegos dentro da Comunidade, fronte ao 70% do gasto total en turismo cultura dos galegos que se efectúa fóra do territorio nacional.

Dominios culturais

Dentro dos chamados dominios culturais, analízanse os bens de interese cultural, a actividade da edición de libros e publicacións periódicas, as artes escénicas e musicais e, finalmente, os medios audiovisuais e interactivos, como magnitudes sectoriais concretas dos dominios culturais.

• Bens de interese cultural

Tal como se establece na Lei de patrimonio cultural de Galicia, forman parte do patrimonio cultural de Galicia todos os bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deban ser considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo. Os máis sobranceiros deles son recoñecidos como Bens de Interese Cultural (BIC), que se clasifican en bens mobles ou bens inmobles. Os bens inmobles poderán selo de forma individual ou ben como colección, e a súa declaración atenderá ás seguintes clases: monumento, conxunto e sitio histórico, xardín histórico e zona arqueolóxica. O conxunto de bens inmobles inscritos no ano 2016 como Bens de Interese Cultural (BIC) ascendeu a 769, dous máis que no ano anterior, dos que a maior parte dos mesmos corresponden coa categoría de monumentos con 631, o 82%, seguidos dos sitios históricos, que representan o 8,8%; os conxuntos históricos, co 6,5%; as zonas arqueolóxicas, co 1,8%; e os xardíns históricos, co 0,8%.

Cómpre salientar a recente aprobación (Consello de Goberno do 26 de abril de 2018) do Decreto polo que se declara ben de interese cultural o archipélago de Sálvora, con categoría de paisaxe cultural.

O número de bens mobles inscritos en Galicia no ano 2016 ascendeu a 5.601, o que representa o 25,3% do total estatal. Deste total 905 corresponden a BIC declarados e 4.696 a BIC incoados. No ano 2016 prodúcese novamente un forte incremento dos bens mobles, debido ao aumento dos bens incoados en Galicia correspondentes na súa maior parte á categoría "Pintura e Debuxo".

• Libro e publicacións periódicas

Ao igual que acontecera no ano 2015, no ano 2016 (último dato dispoñible) aumenta o número de libros inscritos no *International Standar Book Number* (ISBN) en Galicia. Neste último ano Galicia editou un total de 2.388 libros, 122 máis que no ano anterior, o que supón un incremento do 5,4%. En relación co resto das CC.AA., Galicia ocupa o sexto lugar no conxunto do Estado en número de libros inscritos no ISBN. A diferenza do que acontece no conxunto do Estado, dende o ano 2014 descende o número de libros inscritos en soporte papel, situándose no ano 2016 en 1.838 libros, o 77% dos libros inscritos en Galicia en ISBN (70,7% en España).

Bens mobles e inmobles inscritos como Bens de Interese Cultural (BIC) en Galicia e España 2015-16

	2015		2016	
	Galicia	España	Galicia	España
Bens Interese Cultural (BIC)	5.845	37.672	6.370	39.564
Bens inmobles	767	17.302	769	17.450
Monumento	629	13.558	631	13.681
Xardín Histórico	6	91	6	91
Conxunto histórico	50	970	50	970
Sitio histórico	68	457	68	479
Zona arqueolóxica	14	2.226	14	2.229
Bens mobles	5.078	20.370	5.601	22.114

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5. 8.

Tirada e difusión da prensa diaria 2016-17 (1)

Medio	2016		2017	
	Promedio tirada	Promedio difusión	Promedio tirada	Promedio difusión
Atlántico Diario	3.675	2.826	3.571	2.700
Diario de Pontevedra	5.826	4.930	5.440	4.668
Faro de Vigo	33.149	28.511	30.926	26.542
La Opinión A Coruña	5.678	4.193	5.561	4.095
El Progreso Lugo	14.827	12.379	14.060	11.825
La Voz de Galicia	80.437	71.152	76.034	66.902

(1) cabeceiras controladas pola OJD entre xullo 2016 e xuño 2017
Fonte: Oficina de Justificación de la Difusión

4.5. 9.

O número de libros publicados en galego descendeu novamente no ano 2016. Neste último ano publicáronse un total de 1.211 libros en lingua galega, 183 libros menos que no ano anterior; así mesmo traducíronse ao idioma galego 54 libros, dez menos que no ano anterior.

Tal como se observa no **cadro 4.5.9.**, os datos da Oficina de Justificación de la Difusión (OJD) amosan que os principais xornais galegos con cabeceiras controladas pola OJD continúan reducindo a súa tirada media en relación ao período anterior. Entre xullo de 2016 e xuño de 2017, a tirada media está en torno aos 22.599 exemplares (23.932 no mesmo período do ano anterior), cun promedio de difusión de 19.455 exemplares (20.665 no período anterior). O diario con maior tirada en Galicia no citado período é La Voz de Galicia, que acada de promedio 76.034 exemplares diarios e a súa difusión chega ata os 66.902 exemplares. O segundo diario galego en importancia é o Faro de Vigo, cunha tirada de 30.926 exemplares e unha difusión de 26.542 exemplares.

• Artes escénicas e musicais

Os **cadros 4.5.10.** e **4.5.11.** mostran os principais indicadores das artes escénicas e musicais en Galicia e España. Dunha banda, o número de editores e de obras musicais inscritas no *International Standar Music Number* (ISMN) mantense no último ano, se ben aumenta o número de obras en galego. Doutra banda, co incremento do número de espazos escénicos e en menor medida das salas de concertos, a rateo por cada 100.000 habitantes en Galicia sitúase en Galicia no ano

Artes escénicas e musicais en Galicia e España 2015-16

	2015		2016	
	Galicia	España	Galicia	España
Obras musicais				
Editores	5	54	5	45
Obras inscritas (1)	8	683	8	1.243
en galego	4		6	
Espazos escénicos				
Número	83	1.569	91	1.630
Espazos/100.000 habitantes	3,0	3,4	3,3	3,5
Salas concertos				
Salas	30	537	31	541
Salas/100.000 habitantes	1,1	1,2	1,1	1,2
Compañías				
Teatro	228	3.640	229	3.743
Danza	86	964	88	1.001
Festivais				
Teatro	60	787	53	764
Danza	19	329	19	338

(1) Inscritas en el ISMN

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.10.


Espectadores e recadación nas artes escénicas en Galicia e España 2015-16

		2015		2016	
		Galicia	España	Galicia	España
Representacións		6.410	154.796	6.348	152.809
obras teatrais		1.527	46.774	1.554	46.430
xénero lírico		22	1.106	20	1.121
danza		65	2.068	61	2.027
concertos música clásica		1.150	14.636	1.154	14.972
concertos música popular		3.646	90.212	3.559	88.259
Espectadores		1.567	37.476	1.561	37.213
obras teatrais		398	12.045	405	12.007
xénero lírico	*(en miles)*	14	664	13	666
danza		30	863	29	853
concertos música clásica		254	4.532	264	4.680
concertos música popular		871	19.372	850	19.007
Recadación		10.805	372.108	10.926	380.286
obras teatrais		4.133	192.341	4.206	200.949
xénero lírico	*(en miles de euros)*	123	20.413	132	20.526
danza		169	8.371	161	8.221
concertos música clásica		1.031	38.001	1.203	39.604
concertos música popular		5.349	112.982	5.224	110.986
Gasto medio espectador					
obras teatrais		10,4	16,0	10,4	16,7
xénero lírico	*(euros)*	8,8	30,8	10,3	30,8
danza		5,6	9,7	5,6	9,6
concertos música clásica		4,1	8,4	4,6	8,5
concertos música popular		6,1	5,8	6,1	5,8

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.11.

Espectadores no cine en Galicia e España 2006-16 (1): distribución segundo nacionalidade do film



(1) en millóns de persoas
Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Estadística de cinematografía*

4.5.12.

2016 en 3,3 e 1,1 respectivamente, proporción levemente inferior á media estatal que é de 3,5 e 1,2 por cada 100.000 habitantes. Asemade, en 2016 descende o número de festivais de teatro mentres que se mantén o de danza.

O número de representacións, así como o de espectadores, redúcese con carácter xeral nas distintas disciplinas recollidas no **cadro 4.5.11.**. Ao igual que no ano anterior, tan só o número de espectadores e das representacións de música clásica e obras teatrais aumentan o seu número en 2016 en relación ao ano anterior, acadando as 1.154 e 1.554 representacións, respectivamente.

O peso das representacións e espectadores galegos sobre o total estatal aumenta ata o 4,2% no ano 2016, manténdose a importancia relativa da recadación nas artes escénicas no 2,9% do total estatal.


Así mesmo, o gasto medio por espectador en Galicia está por baixo da media española nas diferentes artes escénicas agás no caso dos concertos de música popular. Especialmente significativo é o diferencial rexistrado nas representacións do xénero lírico, con 10,3 euros fronte aos 30,8 euros en España, ou nas obras teatrais, con 10,4 euros, fronte a 16,7 euros de media en España. No caso da danza e dos concertos de música clásica, o diferencial sitúase en torno aos 4 euros.

• Medios audiovisuais e interactivos: cine, TV, radio

No ano 2016 en Galicia están rexistradas 12 empresas produtoras de cine, 42 cines e 184 salas de exhibición, o que supón 6,8 salas por cada 100.000 habitantes, lonxe da media estatal que no dito ano 2016 era de 7,7.

Tal como se observa no **gráfico 4.5.12.**, en Galicia no ano 2016 asistiron ao cine 4,2 millóns de persoas, un 2,4% máis que no ano anterior (5,9% en España). Con todo, os datos de asistencia media por habitante distan de ser positivos, xa que Galicia con 1,5 asistencias por habitante e ano, está sete décimas por baixo da media estatal, de xeito que os galegos son os que menos van ao cine, só por diante de Castela–A Mancha, Estremadura e Ceuta e Melilla.


Cines e salas de exhibición en Galicia e España 2006-16



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Estadística de cinematografía*

4.5. 13.

Recadación dos cines 2006-16: distribución segundo nacionalidade do film



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Estadística de cinematografía*

4.5. 14.

Ranking de emisoras de radio xeralista no EGM 2016-17 (1)

	2016		2017	
	oíntes / día *(en miles)*	share *(%)*	oíntes / día *(en miles)*	share *(%)*
Ser	4.269	34,0	4.078	32,7
COPE	2.588	20,8	2.642	21,5
Onda Cero	1.767	12,5	1.786	12,4
RNE	1.306	9,5	1.351	9,6
Rac 1	724	6,0	786	7,1
Catalunya Radio	546	3,4	632	4,2
EsRadio	361	2,8	345	2,7
Canal Sur Radio	302	2,3	266	1,9
Radio Euskadi	176	1,2	149	1,0
Radio Galega	127	0,9	138	0,9
Euskadi Irratia	82	0,5	107	0,8
Radio Voz			64	0,5
Total oíntes	11.211		11.115	

(1) febreiro-novembro
Fonte:AIMC, *Estudio general de medios*

4.5.15.

A devandita recuperación do número de espectadores prodúcese tan só no caso das películas estranxeiras, que teñen 3,4 millóns de espectadores (3,2 millóns no ano anterior), manténdose estable os espectadores que asisten a películas españolas.

Os cines galegos continúan coa tendencia alcista da súa recadación iniciada en 2014, acadando no ano 2016 (último dato dispoñible) un total de 24,3 millóns de euros, medio millóns máis que no ano anterior, sendo Galicia a oitava Comunidade en volume de recadación. Ao igual que no ano anterior, **gráfico 4.5.14.**, esta medra prodúcese polo incremento da recadación das longametraxes estranxeiras, compensando a caída das de orixe española. Xunto á evolución positiva en espectadores e recadación, no ano 2016 en Galicia recuperáronse 4 cines e 9 salas de exhibición.

O custo medio da entrada mantense practicamente estable en Galicia no ano 2016 en relación ao ano anterior, situándose en 5,8 euros, (5,9 euros no ano anterior) e no que respecta ao gasto medio por habitante, o gasto medio en Galicia é de 8,9 euros, o que supón 4,1 menos que a media do Estado.

Finalmente, segundo a enquisa de hábitos e prácticas culturais en España 2014-2015, última dispoñible, máis da metade da poboación galega, o 55,6%, non vai nunca ao cine, sendo o motivo principal o feito de consideralo caro.

En relación á televisión e á radio, no ranking de emisoras de radio xeneralistas do Estudio General de Medios (EGM), a Radio Galega presenta no período comprendido entre febreiro e novembro do ano 2017 un incremento do número de oíntes por día do 8,7% en relación ao mesmo período do ano anterior, acadando os 138.000 oíntes por día (11.000 máis que en 2016), o que significa un share do 0,9% (**cadro 4.5.15.**).

No que respecta ás cadeas de televisión, ao igual que no ano anterior a TVG mantense no noveno posto da clasificación do EGM, situándose a cota de share no 0,9%, mesma rateo que no ano anterior. ❑